Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da consignación no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 dos recursos necesarios para a construción do novo centro de saúde de Aldán-O Hío, no concello de Cangas, así como da execución das obras

- 16073 (10/PRE-004930)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación dunha partida orzamentaria suficiente para o arranxo das deficiencias que presenta o edificio do Centro de Saúde de Muíños

- 16100 (10/PRE-004931)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre o número de persoas refuxiadas acollidas en Galicia ao abeiro do plan de acollemento posto en marcha pola Xunta de Galicia, a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento dese plan e o orzamento real destinado para ese fin

- 16108 (10/PRE-004932)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as razóns da demora de Adif na reparación dos danos causados polas obras do AVE na estrada OU-114, ao seu paso polo concello de Castrelo do Val, así como a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xestión ao respecto diante do Ministerio de Fomento

- 16113 (10/PRE-004933)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ás obras realizadas pola Xunta de Galicia no CPI Virxe do Monte, en Cospeito

- 16125 (10/PRE-004934)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego e as actuacións previstas en relación co posible impacto do desenvolvemento do proxecto integrador da estación intermodal de Ourense

- 16126 (10/PRE-004935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a situación dos quince traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús entre Ribadeo e Viveiro que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria

- 16132 (10/PRE-004936)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para publicar as listas de espera non estruturais do Sergas e remitirlles esa información aos deputados que a soliciten, así como sobre a política que vai levar a cabo para reducilas

- 16139 (10/PRE-004937)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da comunicación ao profesorado de secundaria do seu destino con só unha semana de antelación ao inicio do curso escolar

- 16145 (10/PRE-004938)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das consecuencias que ten para o sistema educativo de Galicia o peche de aulas e escolas levado a cabo nos últimos anos

- 16185 (10/PRE-004940)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do aumento do profesorado con materias afíns no curso 2017-2018 e a súa posible incidencia na calidade educativa

- 16298 (10/PRE-004941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da demanda do Concello de Ponte Caldelas referida á apertura da Casa da Quintán como centro de día para persoas maiores ou para calquera outro fin social

- 16315 (10/PRE-004942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a situación na que se atopa o concurso para promocionar parcelas na Central de Transportes de Ponte Caldelas, a estratexia do Goberno galego para dinamizar a actividade do transporte na comarca e a data prevista para adaptar a normativa para aliñar fachadas, fondos edificables ou muros de peche co fin de posibilitarlle ao Concello a concesión de licenzas

- 16388 (10/PRE-004943)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o coñecemento do Goberno galego da perigosidade que presenta a estrada PO-234 entre os concellos de Ponte Caldelas e de Cerdedo-Cotobade, así como as súas previsións respecto da aceptación do convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas en relación coa expropiación dos terreos necesarios para a súa mellora

- 16408 (10/PRE-004944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o protocolo de actuación previsto polo Sergas diante dun brote de tuberculose, a xestión levada cabo en relación co detectado no mes de xuño no IES de Cacheiras, no concello de Teo, e as súas previsións respecto da dotación da Unidade de Tuberculose do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos recursos necesarios para atender estes casos

- 16420 (10/PRE-004945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da política levada a cabo en relación coa enerxía eólica e as consecuencias para Galicia da anulación do concurso eólico do Goberno bipartito

- 16512 (10/PRE-004946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a existencia de subministración suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galicia, a opinión do Goberno galego en relación coa eficiencia da súa produción para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques, así como as medidas adoptadas ou previstas para diferenciar a producida en Galicia da procedente doutros lugares, as razóns da súa exclusión das ordes de axuda da Consellería do Mar e os prexuízos que ocasiona esta medida nas agrupacións de mariscadoras

- 16517 (10/PRE-004947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar Goberno galego e o prazo que ten previsto para resolver os problemas de seguridade existentes na estrada AC-418, que discorre entre Carballo e Buño, tras os arranxos levados a cabo nela

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15808
Data envío: 08/09/2017 11:25:49.140

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Pazo de Xelmirez acolle agora a exposición “Mestre Mateo” que o pasado novembro se inaugurou no Museo do Prado de Madrid e que reuniu por vez primeira un singular conxunto de esculturas do xenial artista ao que se lle dedicou o primeiro Día das Artes Galegas, autor, entre outras obras, do Pórtico da Gloria da Catedral, considerado un dos tesouros da historia da arte universal.

Nas pezas que se expoñen atópanse dúas obras que no seu tempo pertenceron ao propio Pórtico da Gloria e que o Mestre Mateo creou, polo tanto, para a Catedral de Santiago. Trátase das imaxes de Abrahán/Xeremías e Isaac/Ezequiel que en 1948 foron mercadas polo Concello de Santiago ao conde de Ximonde por 60.000 pesetas, coa condición de que estas non abandonasen a capital da Galiza, mais que de maneira totalmente irregular e sen se coñeceren os procedementos empregados obran no poder da familia de Francisco Franco e non están en Compostela senón no Pazo de Cornide, na Coruña.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15808
Data envío: 08/09/2017 11:25:49.140

En 2012, con motivo da exposición Domus Iacobi que conmemoraba o 800 aniversario da Catedral na que se mostraban as dúas esculturas, o grupo municipal do BNG de Compostela rexistrara xa unha pregunta ao goberno municipal sobre a existencia dalgún documento que dera conta da cesión das esculturas á familia Franco e, no caso de non existir, reclamaba o inicio de accións para recuperar as valiosas tallas de Mestre Mateo. A representante do goberno do PP respondía entón que consultados distintos departamentos non constaba ningún documento que acreditase a cesión.

A iniciativa chegaba ao concello despois de que a Asociación *O Sorriso de Daniel* iniciara unha campaña encamiñada a recuperar as dúas tallas pétreas para o patrimonio público co obxectivo tamén de reagrupar o patrimonio Mateano. Catro anos despois, as esculturas volven saír ao espazo público con motivo da exposición do Mestre Mateo, primeiro no Prado e logo no Pazo de Xelmirez, mais continúa sen ver á luz ningún documento que explique por que dúas xoias artísticas que foron mercadas para integrar o patrimonio do Concello de Santiago están en dominio privado da familia Franco na Casa de Cornide da Coruña.

Para o BNG a cuestión é de extrema gravidade e require unha acción firme por parte da Xunta de Galiza como institución que ten as máximas competencias en materia de patrimonio cultural.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15808
Data envío: 08/09/2017 11:25:49.140

Que xestións realizou a Xunta de Galiza para a devolución ao patrimonio público das dúas esculturas procedentes da fachada románica da catedral de Santiago que eran propiedade do Concello de Santiago e que foron expoliadas pola familia Franco?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 11:24:15

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 11:24:19



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15808
Data envío: 08/09/2017 11:25:49.140

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 11:24:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 11:24:23

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 11:24:24

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 11:24:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No ano 2016 suicidáronse en Galicia un 7% máis de persoas que no ano 2015, o que supón unha taxa de 12,69 mortes por cada 100.000 habitantes, moi superior a media española de 7,76. Son datos alarmantes que, por desgraza, non están a recibir a atención que merecen por parte das institucións. Dende o ano 2008, o número de suicidios supera o de mortes en accidente de tráfico, chegando os últimos anos a duplicalo (en 2014 morreron en Galicia 181 persoas en accidente de tráfico e 371 a causa dos suicidios). Non obstante, as institucións galegas e do estado non desenvolveron medidas de concienciación e prevención para evitar os suicidios como si se fixo para acabar coas mortes na estrada. Como consecuencia, os suicidios continúan aumentando, chegando a constituír un gravísimo problema de saúde pública.

O incremento dos suicidios é en gran medida un síntoma da dor inmensa que experimenta a sociedade con motivo da crise. Un suicidio non é nunca un asunto privado, senón que responde a cuestións estruturais que son, por definición, políticas. Así, durante os anos máis duros da crise, no período comprendido entre 2007 e 2014, España foi vítima dun aumento dos suicidios do 20%, o que se traduce na trágica morte de 3.910 persoas. Obsérvase, ademais, que un dos maiores incrementos prodúcese na franxa de idade que está ao redor dos 50 anos (un 38%) que coincide precisamente cun dos grupos de poboación máis castigados pola ausencia de emprego e a precariedade.



No caso de Galicia, o ano pasado atopamos a maior diferenza co resto do estado precisamente nos homes de mediana idade e, polo tanto, en idade de traballar e de formar parte activa da sociedade. Entre os 40 e os 49 anos a taxa de suicidios en Galicia foi de 15 persoas por cada 100.000 habitantes; se nos centramos só nos homes, que presentan unha maior mortalidade por suicidio que as mulleres, a cifra é de 25 por cada 100.000. No resto do estado, a taxa é de 10 persoas (15 varóns) por cada 100.000.

É inevitable preguntarse cantas desas mortes non se terían producido se se garantiran as condicións materiais mínimas para unha vida digna.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Pregunta:

- Vai a Xunta de Galicia dotar de recursos suficientes, tanto económicos como de persoal, o Plan Galego de Prevención de suicidios?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/09/2017 12:07:27

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Consello da Xunta de Galicia do día 16 de xaneiro do ano 2014 anunciouse a adxudicación das obras de ampliación do Hospital de Ourense, indicando que a data de inicio sería no primeiro trimestre dese mesmo ano, e a data de finalización a mediados do ano 2016, é dicir 26 meses de prazo de execución.

A adxudicación da obra realizouse á UTE Vías y Construcciones, S.A. + CRC + Extraco, S.A. por un importe de 41.140.000 euros, e cun descenso de investimento sobre o importe de licitación de 16.845.550 euros, un 28,5 % menos.

Segundo consta no proxecto da obra e tal e como se reflicten na referencia do Consello da Xunta de Galicia dese mesmo día, “a obra consiste na execución dun novo bloque de hospitalización, dunha área de servizos xerais e a ampliación e dotación de aparcadoiro (tanto para o persoal do centro sanitario como para o resto da cidadanía).

Máis en detalle, a torre de hospitalización ten sete andares de hospitalización con dúas unidades por andar. Isto é, un total de 14 unidades das cales 9 son polivalentes médico - cirúrxicas, unha de psiquiatría, de paliativos, de oncoloxía e dúas unidades innovadoras.

En total ten unha capacidade máxima de aproximadamente de 900 camas. Ademais, dispón dunha área de docencia, cafetarías para o público e o persoal, departamento de admisión, tendas e vestíbulo.

Doutra banda, os servizos xerais constan de cociña, mantemento, vestiarios, zona de residuos, sala mortuoria e almacéns. Por último, a área de aparcadoiro articúlase en 3 andares con aproximadamente 700 prazas. A superficie útil é de 47.864 metros cadrados e a súa superficie construída de 53.941 metros cadrados.

Grupo Parlamentario

No pleno do pasado 7 de xuño o conselleiro de Sanidade daba resposta a unha pregunta do Grupo Socialista acerca da posta en marcha da ampliación do CHUOU, afirmando que esta se produciría no mes de setembro.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Chegada esta data, manifestamos a nosa incerteza e preocupación ante as continuas denuncias da Comisión de Centro do CHUOU trala visita ás novas instalacións, de que non hai unha correspondencia entre os anuncios feitos pola Consellería de Sanidade e o número real de camas que estarán dispoñibles, debido a que nas contas da Administración non se atopan a multitude de camas que eles mesmos pecharon dende hai anos, pero que, ante as necesidades sanitarias da nosa poboación están case que todo o ano ocupadas, como pode verse na ocupación da terceira planta do Hospital Santa María Nai, a cuarta no Edificio Maternal, e outros "lugares" onde, como ben sofre a poboación, "ingrésase" aos doentes (unidades como salas de urxencias, salas de tránsito, UPI, etc.).

Dende hai varios anos levamos arrastrando os consecutivos peches de unidades de hospitalización, entendendo que non podemos consentir que se venda esta situación como unha mellora extraordinaria na hospitalización aos doentes de Ourense, cando en realidade o único que se vai producir é unha reorganización de espazos sen apenas aumento de camas, que grazas ás políticas da Xunta seguen a tentar de minimizar os ingresos hospitalarios, sen antes reforzar unha verdadeira rede de apoio sociosanitario e ás familias, para que a poboación poida ser atendida no seu domicilio, máis aínda na nosa provincia cunha poboación envellecida.

O aumento de camas, para proporcionar a atención de calidade que os doentes precisan e merecen, debe ir acompañada de incrementos de persoal que parece non se ve con bos ollos dende as administracións; se fose certo tal incremento, sería unha temeridade facelo sen un aumento de cadro de persoal axeitado ao número de camas que recomentan os ratios establecidos, se estes non se cumpren, estaríamos a observar unha verdadeira irresponsabilidade que os profesionais asuman unha carga imposible de xestionar para os xa axustados cadros de persoal.

Grupo Parlamentario

Ademais chegada a data prevista para a apertura, segue o escurantismo do Goberno galego que non aclara se se implantará un modelo privatizado de “liña fría” que substitúa o modelo actual de cociña tradicional; así como a respecto da nova área de aparcadoiro sobre a que o Goberno galego aínda non aclarou se se será de titularidade e xestión pública.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego do proceso de apertura ao público da ampliación do CHUOU?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/09/2017 11:17:10

Julio Torrado Quintela na data 08/09/2017 11:17:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 15847
Data envío: 08/09/2017 12:26:03.046

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Continúa na mente de todos/as nós o inferno de Leiría como mostra de que en cuestión de lumes forestais nunca está todo dito. É este lume unha pavorosa mostra diso que se chaman lumes de nova xeración.

Os incendios que viña habendo en Galicia tiñan unha velocidade media de propagación duns 10m./minuto, é dicir, nunha hora avanzaban, máis menos, 600 metros. Un medio de extinción normal tanto helicóptero como terrestre é capaz de conter e domear este incendio nun período de tempo razoable.

O lume de Leiría avanzaba 55m./minuto, e isto é serio, nunha hora 3,5Km. en todas direccións. Lume convectivo. Non hai medio que sexa quen de atallalo.

As condicións climáticas teñen unha incidencia cada vez máis importante. Diminución da humidade relativa durante máis tempo ó ano, menor humidade do combustible e polo tanto máis combustible exposto ó queimamento.

Co abandono do rural non se cultiva arredor dos núcleos de poboación por tanto as franxas de protección naturais desaparecen.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 15847
Data envío: 08/09/2017 12:26:03.046

A potencia dos medios de extinción aéreos diminuíu porque os helicópteros teñen cada vez menos carga de auga. De 1.500 litros que levaban nos anos 90 a 1.200 ou 1.000 litros que levan agora.

Nos anos 90 co PP e co Bipartito contratábanse helicópteros de alta potencia ascensional SOKOL, que levaban 1.500 litros de auga.

Os incendios de nova xeración vense agravados cando o vento nordés persistente impide que os helicópteros lixeiros poidan actuaren con normalidade. É aquí onde se botan en falta os de gran potencia ascensional, que son sensiblemente máis caros, pero tamén moito máis eficaces.

Curiosamente os pregos de condicións actualmente limitan a carga de auga a 1.200 litros porque as empresas que se presentan non dispoñen de Sokol ou similares, é dicir os pregos de condicións adaptanse ás empresas.

Había lumes de terceira xeración ata os anos noventa. Os lumes de cuarta xeración, os chamados **interface**, xeran dúas emerxencias unha multiemerxencia con afectacións tanto a vivendas como a persoas e como por suposto ó medio, podendo enxendrar situacións de atrapamento con risco para as vidas humana.

A dirección dun incendio forestal en terra está nas mans dun funcionario da Xunta de Galicia xa sexa técnico ou axente forestal, pero curiosamente a coordinación dos medios aéreos diríxela persoal da empresa privada, esta condición está expresa no prego de condicións. Só é entendible desde o punto de vista económico da empresa e nunca desde a efectividade na extinción.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 15847
Data envío: 08/09/2017 12:26:03.046

Que ten pensado modificar o goberno galego no dispositivo aéreo contraincendios, tanto en medios coma na responsabilidade da coordinación dos mesmos pra adaptalo á nova realidade dos lumes de nova xeración?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 12:20:45

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 12:20:52

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 12:20:56

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 12:20:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 15847

Data envío: 08/09/2017 12:26:03.046

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 12:21:03

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 12:21:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:48
Nº Rexistro: 15948
Data envío: 11/09/2017 10:48:11.481

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á participación da Xunta de Galiza no patrocinio de actividades deportivas que discriminan ás mulleres.

A Xunta de Galiza é patrocinadora da segunda edición da competición de descenso urbán *Pulpo Extreme* a celebrar en Ourense na primeira quincena de setembro, que tamén promocionan o Concello de Ourense, coordinador da organización.

Na súa edición do ano 2017 existe unha categoría masculina, despois reconvertida a xeral, e unha feminina con diversos premios. Máis concretamente puidemos observar como o primeiro, segundo e terceiro premio masculino tiñan 1000, 500 e 300 euros respectivamente, o equivalente da categoría feminina 300, 150 e 50 euros, o que constitúe un auténtico agravio.

O decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade recolle entre os principios de actuación desta, entre outras,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:48
Nº Rexistro: 15948
Data envío: 11/09/2017 10:48:11.481

“a busca e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas e a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias”. Así mesmo, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes recolle o deporte como un dos ámbitos no que a ordenación das políticas públicas debe integrar a óptica da igualdade e a perspectiva de xénero.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a existencia deste agravio comparativo entre os premios do Pulpo Extreme é unha discriminación para todas as mulleres e que as administración públicas galegas non poden ser cómplices empregando diñeiro e medios públicos. Independentemente da saída buscada para que a categoría masculina fora reconvertida a xeral, continúa a ser unha discriminación a existencia dunha categoría feminina con premios tan inferiores. A igualdade non se consegue con permitir a participación, senón con que esta sexa en igualdade de condicións. Polo tanto, a Xunta de Galiza debe interceder para que isto non se volva repetir ou retirar o seu patrocinio se así é. Do contrario, estará incumprindo a súa propia lei de igualdade e contradicindo o interese xeral que debe salvagardar calquera uso dos recursos públicos dos galegos e galegas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:48
Nº Rexistro: 15948
Data envío: 11/09/2017 10:48:11.481

Que medidas tomou ou vai tomar a Xunta de Galiza para non patrocinar eventos deportivos que discriminan ás mulleres?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 10:45:37

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 10:45:42

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 10:45:46



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:48
Nº Rexistro: 15948

Data envío: 11/09/2017 10:48:11.481

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 10:45:50

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 10:45:54

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 10:45:55



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15960
Data envío: 11/09/2017 12:15:22.548

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

1. A autovía AG 57 é un vial de 22,6 km que comunica o Val Miñor (concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar) con Vigo, o resto de Galiza e Portugal. Na práctica funciona como unha circunvalación dos citados concellos e como unha alternativa para evitar a conxestión e o elevado tráfico na estrada Vigo-Baiona, unha via na que se producen importantes retencións, sobre todo no verán, principalmente na zona da Ramallosa, principal nó de conexión dos tres concellos.

2. A autovía AG 57 é unha vía de peaxe, con unha concesión que remata en 2015, e que xestiona o grupo Itínere. Esta situación supón unha discriminación para as persoas que residen no Val Miñor e as que de desprazan a esta comarca posto que outras zonas do país con características similares (Baixo Miño, O Morrazo, O Barbanza) teñen autovías libres de peaxe.

3. A supresión da peaxe nesta autovía é unha demanda social e institucional que conta con amplo respaldo na comarca, incluíndo o apoio dos plenos dos concellos.

A eliminación da citada peaxe tería importantes repercusións positivas para o Val Miñor



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15960
Data envío: 11/09/2017 12:15:22.548

- Mellora da mobilidade xeral na comarca, desconxestionando a estrada Vigo Baiona, e eliminando tráfico de paso polos núcleos urbanos.

- Mellora da conectividade e competitividade dos parques empresariais da Pasaxe-Vincios (Gondomar), de Molle (Nigrán) e tamén co parque tecnolóxico loxístico de Valadares (Vigo).

- Conexión directa, rápida e gratuíta co hospital de referencia da comarca, o Álvaro Cunqueiro, e con outros equipamentos administrativos e de servizos.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Comparte a Xunta de Galiza a demanda de rescate da concesión e a necesidade de supresión da peaxe na autovía AG 57?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15960
Data envío: 11/09/2017 12:15:22.548

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 11:56:12

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 11:56:16

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 11:56:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 11:56:19

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 11:56:20

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 11:56:22



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 12:13
Nº Rexistro: 16534
Data envío: 14/09/2017 12:13:24.425

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, presentan a seguinte **corrección de erros** nas preguntas con número de rexistro **15959, 15960 e 15961**.

Na exposición de motivos no segundo parágrafo onde di:

“unha concesión que remata en 2015”

Debe dicir:

“unha concesión que remata en 2045”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 12:13
Nº Rexistro: 16534
Data envío: 14/09/2017 12:13:24.425

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2017 12:12:43

María Montserrat Prado Cores na data 14/09/2017 12:12:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/09/2017 12:12:47

Olalla Rodil Fernández na data 14/09/2017 12:12:48

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2017 12:12:50

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2017 12:12:52

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende o día 4 de setembro, os examinadores de tráfico están indefinidamente en folga, dereito fundamental recoñecido no artigo 28 da Constitución española.

A situación de desamparo dos examinadores por parte da Dirección Xeral chegou a límites insoportables, e por iso a folga indefinida. Os feitos obxectivos que ocorreron dende o pasado 19 de xuño, cando comezou a folga, foron só dúas reunións mantidas co Comité de Folga, nas que o director xeral amosou a súa incapacidade á hora de xestionar o conflito laboral que ten na súa Dirección Xeral. O curioso é que el mesmo recoñecera que estas reivindicacións eran xustas e ata chegara hai dous anos a un acordo cos examinadores para, entre outras cosas, subirlles o salario mediante un complemento específico, dado que se trata de postos desincentivados e pouco atractivos. Tanto é así que practicamente ninguén solicita este destino.

Quizais sexa que na intención da Dirección Xeral de Tráfico se estea a privatizar un servizo que resultaría moi rendible para a CNAE, tendo en conta que as taxas recadadas no ano 2016 ascenderon a 114,4 millóns de euros.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego demandar do Goberno do Estado que cumpra inmediatamente os compromisos adquiridos en 2015 en relación coas reivindicacións laborais feitas por este colectivo?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2017



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/09/2017 12:22:54

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/09/2017 12:23:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/09/2017 12:23:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No ano 2010, o Concello do Porriño asinou un acordo coa Xunta de Galicia, no que puxo a disposición da mesma unha parcela cunha superficie de 525 metros cadrados para ampliar o Centro de Saúde.

A ampliación do Centro de Saúde do Porriño é unha demanda que leva unha década sen ser atendida por parte da Xunta de Galicia, pese a tratarse dun Centro de Saúde que sigue incrementando o número de pacientes aos que ten que atender, chegando a ser máis de 40.000 usuarios potenciais os que poderían ter que acudir ao Centro, que ademais conta con Punto de Atención Continuada de tres da tarde a oito da mañá, horario no que tamén atende a concellos da contorna como poden ser Mos ou Salceda de Caselas.

Ademais da ampliación do Centro, as veciñas e veciños do concello de Porriño reivindican tamén que de xeito simultáneo, se dote o mesmo dos medios técnicos e humanos suficientes para facer fronte á actual demanda.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- **Vai a Xunta de Galicia a destinar unha partida orzamentaria suficiente para levar a cabo a ampliación do Centro de Saúde do Porriño?**



Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 13:44:17



A MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As deficiencias na atención primaria en Galicia non son unha novidade. Igualmente, o incumprimento por parte do Goberno sobre a construción de novos centros de saúde, tampouco supón ningunha novidade.

Neste contexto, atopámonos con vilas que teñen importantes necesidades sanitarias desatendidas. Unha delas é Salceda, que conta cun centro de saúde vello, falta de espazo e con múltiples barreiras arquitectónicas.

A veciñanza, cansa deste situación, tense manifestado reclamando a construción dun novo centro de saúde e o concello ten asinado xa o convenio coa Xunta e aprobado en pleno dende fai seis anos a cesión dos terreos.

Con todo, a Xunta de Galicia segue a poñer trabas para a construción do centro de saúde, polo que as veciñas e veciños de Salceda, deben soportar unhas instalacións sen acceso para carriños, cadeiras de rodas ou persoas con mobilidade reducida, falta de ventilación, instalacións deterioradas...etc.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Cando pensa a Xunta de Galicia cumprir cos compromisos acadados e dotar unha partida de orzamentos suficiente para poder levar a cabo a construción do Centro de Saúde de Salceda?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.



Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 16:46:08

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Co abandono por parte do Partido Popular do Plan de Mellora da Atención Primaria, a maioría dos centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Con todo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns deles.

No caso de Centro de Saúde de O Hío, no Concello de Cangas, o Goberno municipal mercou e puxo a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios en O Viso para a súa construción, cun investimento público de 400.000 euros. O proxecto chegou a aparecer nunha partida dos orzamentos de 2012, desaparecendo nos anos seguintes sen que se tivese levado a cabo o prometido.

A día de hoxe, o centro de saúde continúa sen construírse, poñendo en dúbida o compromiso do Goberno coa saúde das veciñas e veciños do Morrazo, ademais de malgastar os recursos públicos coa compra duns terreos que continúan paralizados e co gasto do acondicionamento das instalación actuais.

Por todos estes feitos, e dado o próximo debate orzamentario, En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Vai o Goberno a orzamentar e executar, para estes vindeiros orzamentos, o proxecto e obra do novo Centro de saúde de Aldán- O Hío?



Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 19:10:59



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En cumprimento dos acordos do Pacto Local de 2006 para a cesión ao executivo da titularidade dos centros de saúde que se atopan en mans dos concellos, o concello de Mugardos levaba xa dende o ano 2013 cos todos os trámites de Xestión para a cesión realizados.

Con todo, non foi ata este ano e despois de moitos requirimentos tanto por parte do goberno municipal como por parte desta deputada a través de iniciativas presentadas tanto nesta como na anterior lexislatura, que o executivo galego asumiu a titularidade do centro de saúde.

Dito centro, amosa unhas deficiencias estruturais e materiais no edificio que precisan ser arranxadas con urxencia e que necesitan de partidas orzamentarias por parte da Xunta para levarse a cabo.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- **Vai destinar a Xunta de Galicia unha partida orzamentaria suficiente para arranxar as deficiencias do Centro de saúde de Mugardos?**

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 19:12:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O linfedema é un edema crónico que aumenta de forma progresiva debido a problemas no sistema linfático que pode afectar a unha ou varias partes do corpo. Os seus principais síntomas son edema, pel tensa e debilitada, dor punzante, formigo, perda de sensibilidade, gradual, aumento do tamaño do membro afectado, etc...

Todos estes síntomas, afectan de xeito negativo sobre a mobilidade, autoestima ou calidade de vida das persoas enfermas que precisan apoio asistencial.

A falta de coñecemento e especialización da enfermidade, provoca que as persoas afectadas sexan derivadas dunha consulta médica a outra, retrasando a detección e tratamento. Ademais, o descoñecemento sobre o número de persoas afectadas por linfedema en Galicia dificulta a capacidade para saber os recursos necesarios.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Ten pensado o SERGAS fomentar a formación en detección e tratamento do linfedema así como a actualización dos protocolos aos coñecementos actuais?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.



Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/09/2017 11:02:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, sobre **o desenvolvemento do Plan de Acollida de Persoas Refuxiadas da Xunta de Galicia**.

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Cinco millóns de persoas refuxiadas que non atoparon asilo nesa Unión Europea que se dicía bandeira dos dereitos humanos e que máis que conseguiu foi un acordo de reasentamento que naceu, hai case dous anos, abocado ao fracaso ante o falta real de vontade e compromiso político.

Dito acordo supoñía que o Estado Español acollería a 17.337 persoas. Apenas dez días antes de que expire o prazo fixado pola propia UE para o 26 de setembro atopámonos cun fracaso total e absoluto. Toda vez que apenas se cumpriu co 6% dos compromisos de recolocación.



Do mesmo xeito a lexislatura pasada viu a aprobación de diversas iniciativas parlamentarias a prol da acollida das persoas refuxiadas así como o anuncio por parte do goberno dun Plan de acollida para persoas refuxiadas do que apenas temos información.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Cal é a valoración que realiza a Xunta de Galicia da posta en marcha de dito Plan?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2017 13:23:06



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Juan José Merlo Lorenzo e Luís Villares Naveira, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte ***PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno.***

En Marea leva tempo advertindo do ruinoso negocio para a Administración galega que supuxo a venda, no ano 2012, dos dous helicópteros de salvamento marítimo que foran comprados no 2005. Tamén o advertiu o Consello de Contas, que en 2014 sinalou que a venda dos helicópteros por 13,5 millóns –a metade do que custaran cando os adquirira o goberno de Fraga- non contara con ningún estudo sobre a repercusión da venda dese patrimonio. No mellor dos casos, o goberno do Partido Popular malvendeu bens públicos a cegas; no peor, regaloulle un negocio moi rendible a unha empresa amiga a costa dos intereses dos galegos e das galegas.

Os helicópteros foron adquiridos no ano 2005, despois da catástrofe do Prestige. A xestión do seu servizo e mantemento foi entregada a Inaer. En 2012, os helicópteros foron vendidos polo Goberno a dita empresa alegando que os aparatos quedaran vellos e que a venda permitiría rebaixar a cota anual que se estaba pagando á empresa, que mantiña a obriga de prestar os seus servizos ata 2017.

No mes de abril, a Xunta convocou un primeiro concurso para atopar unha empresa que continuase prestando o servizo de salvamento marítimo con helicóptero durante catro anos prorrogables a seis por 6,5 millóns anuais. Inaer, que tras ser adquirida pola multinacional británica Babcock recibe o nome de



Babcock Mission Critical Services España, non se presentou ao concurso e este declarouse deserto, xa que a única empresa que se presentou descartouse por non cumprir as condicións.

Así, e coa intención de confeccionar un traxe a medida de Inaer-Babcock España, en xuño a Xunta realizou unha consulta preliminar do mercado para que as empresas susceptibles de acudir a un novo concurso lle informaran dos cambios que tería que facer para que fose máis atractivo. Unha vez feita a consulta, a Xunta convocou unha nova licitación que incrementaba en dous millóns de euros o pago anual á empresa que gañase o concurso. Pasábase de ofrecer 6,5 millóns anuais a ofrecer 8,5, un millón de euros máis do que costaba o servizo antes de que os helicópteros foran malvendidos no 2012.

Ao novo concurso presentouse a empresa que fora descartada no primeiro, que foi novamente apartada por non cumprir as condicións, e Inaer-Babcock España, que ao non contar con competencia, non tivo que propoñer á Administración ningún tipo de rebaixa dos seus prezos. Desta maneira, a empresa que xestionaba os servizos aéreos de salvamento marítimo con helicópteros dende 2005 continuará xestionando eses mesmos servizos, pero supoñendo un coste moito maior para as galegas e galegos

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:**

- Que valoración fai o Goberno galego do resultado deste proceso, que nin mellora o servizo nin acada mellores condicións económicas ao respecto dun servizo integramente público?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.



Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Luís Villares Naveira.

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 12/09/2017 16:46:02

Juan José Merlo Lorenzo na data 12/09/2017 16:46:15

Luis Villares Naveira na data 12/09/2017 16:46:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16124
Data envío: 12/09/2017 17:21:49.597

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao desenvolvemento do Proxecto Integrador da estación Intermodal de Ourense (Estación de ferrocarril e conexións de permeabilidade transversal, en relación co expediente 2017014169) e as actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galiza.

Dentro da longa historia da cidade de Ourense coas débedas pendentes para coa modernización do ferrocarril e a adaptación das instalacións da cidade, o proxecto do que deberá ser a futura estación integrada para o transporte de ferrocarril ten sido un dos maiores protagonistas. Xa na altura de outubro de 2009 o Bloque Nacionalista Galego presentou alegacións ao estudo informativo sobre a “Integración urbana e acondicionamento da rede ferroviaria de Ourense”, na que expuña diversas consideracións sobre os piares que debera guiar esa ou calquera outra planificación.

Entre as liñas mestras para o desenvolvemento do proxecto salientaba a consideración de que a traza definitiva da rede de Alta Velocidade debería ser extremadamente cautelosa coa trama urbana na que se pretende integrar, así como respectuosa co valor ambiental, paisaxístico e patrimonial existente, toda



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16124
Data envío: 12/09/2017 17:21:49.597

vez que o impacto destas obras públicas de gran magnitude son practicamente imperecedoiros. Así mesmo, insistíase en que o histórico barrio da Ponte, onde está actualmente a Estación Ourense-Empalme, que sería transformada na nova terminal, padecera unha segregación territorial ocasionada por esta infraestrutura, debido a amplitude das praias de vías e instalación de carga, descarga e operacións de viaxeiros e mercadorías. Polo tanto, a nova estación debiera converterse en terminal intermodal, coa parte de acceso ás plataformas baixo superficie e co soterramento das vías nesta zona.

En congruencia co exposto, na altura foi solicitado a través de diversas alegacións e e institucións o deseño dunha traza definitiva que minimizase o impacto ambiental, paisaxístico e sobre o patrimonio existente, e se adoptasen as medidas correctoras necesarias para evitar esta afección tanto durante o proceso de construción como posterior, buscando os lugares de menor incidencia e previndo a dotación de medidas complementarias necesarias (pantallas visuais e acústicas, restauración de acuíferos, accesos públicos e privados, etc). Tamén, que o novo viaduto que se constrúise non fora unicamente un elemento funcional, senón que, formando parte da trama e paisaxe urbana, se integrara nesta constituíndo un elemento singular. Insistíase, ademais, na necesidade de que a nova terminal fora soterrada e se eliminara definitivamente o illamento e segregación que tivo que padecer o Barrio da Ponte nestes últimos decenios.

Porén, máis adiante no tempo, xa no 2011, despois da presentación do que ía ser a futura estación do AVE puido constarse a inexistencia dun proxecto que dera saída a estas consideracións. De forma especial, o proxecto continuaba sen dar unha alternativa para o principal problema: a histórica división dos barrios da



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16124
Data envío: 12/09/2017 17:21:49.597

Ponte e do Vinteún, e polo tanto a permeabilidade. Desde o BNG insistimos que a mellor opción posíbel era o soterramento total das vías e a procura de solución técnicas que melloraran a comunicación entre a parte norte e sur da cidade. Lamentabelmente, despois de anos de atrasos e incumprimentos coa cidade, en xuño de 2017 puido coñecerse unha nova proposta que tampouco supuña un avance cualitativo das necesidades existentes, diante da que o Bloque Nacionalista Galego alegou, do mesmo xeito que outras organizacións políticas e mesmo o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). Porén, nin unha soa das múltiples alegacións dos diferentes axentes mereceron o diálogo ou a atención do Partido Popular.

A xuízo do Bloque Nacionalista Galego tratouse dun proceso de inicio errado, caracterizado por unha falta de transparencia e audiencia pública suficiente para información e posíbeis alegacións da veciñanza. Malia tratarse dun proxecto moi importante para a cidade de Ourense e o barrio da Ponte do que a veciñanza leva anos oíndo falar de prazos e proxectos, sumado a unha profunda confusión arredor da ordenación urbanística da cidade e da chegada ou non do tren de alta velocidade e á inseguridade xurídica das modificacións urbanísticas da capital ourensá. Cómpre recordar o recurso á Lei 3/2016 do 1 de marzo de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese que establece o prazo fornecido de 20 días hábiles. Porén, malia a complexidade do proxecto e do contexto no que se notifica a exposición pública, non houbo un esforzo por parte das institucións implicadas por levar a cabo unha socialización e difusión suficiente da información e do proceso aberto de cara a que a cidadanía e colectivos interesados ou afectados puideran coñecer o seu contido e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16124
Data envío: 12/09/2017 17:21:49.597

presentar alegacións. Así mesmo, tampouco houbo ningún tipo de explicación pública dos contidos con apoio técnico para garantir o dereito á información das persoas e colectivos implicados. Por outra banda, o horario de consulta física do expediente foi reducido.

Outro elemento de capital importancia e ignorado polas administracións implicadas é a afectación ao centro de saúde da Ponte, convertido nunha especie de rotonda e renunciando pola vía dos feitos a futuras ampliacións, melloras dos accesos ou a habilitar espazos para deixar as persoas doentes nunha zona de moito tráfico. Así mesmo, sinalouse a falta de garantía de custodia do patrimonio cultural diante do proxecto de aparcadoiro subterráneo. Tampouco resolve, como xa se dixo, a desconexión entre A Ponte e o Vinteún.

Cómpre engadir tamén que se trata dun proxecto illado das necesidades do barrio, especialmente no referido a desconxestión do tráfico e prazas de aparcadoiro para a veciñanza e persoas viaxeiras. O desenvolvemento da intermodal debe supoñer unha oportunidade e non un obstáculo para resolver as necesidades do barrio e a necesidade de acollida a un volume importante de automóbiles de persoas que desexan facer uso tanto do servizo de bus como de tren e que se desprazan de poboacións achegadas desde as que non é posíbel trasladarse en transporte público pois a falta de transporte metropolitano e de conexión entre as vilas da provincia é unha carencia importante da zona. Neste sentido, entre outras carencias, o proxecto tampouco facilita garantías sobre a minoración do impacto acústico para veciñanza e medio ambiente, nin durante as obras nin con posterioridade; ao que cómpre engadir a ausencia de criterios e planificación sustentábel e de rexeneración ambiental.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16124
Data envío: 12/09/2017 17:21:49.597

Por todo o anterior formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir que o proxecto de intermodal do que fai parte actuante non resolva as necesidades de mobilidade da cidade de Ourense?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2017 17:16:37



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16124
Data envío: 12/09/2017 17:21:49.597

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2017 17:16:43

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2017 17:16:46

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2017 17:16:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2017 17:16:52

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2017 17:16:56

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Dentro do Plan de transporte público de Galicia, foi adxudicado o proxecto XG533 - A Mariña (entre Ribadeo e Viveiro) á UTE Autos Morán, S.L., Autocares Rodríguez Domínguez, S.L.

O día 18 de agosto de 2017 a empresa Arriva, anterior concesionaria da liña, emitía un comunicado no que indicaba que para o traspaso da liña de autobús que anteriormente operaba na Mariña se debía producir a subrogación de 15 traballadores da empresa que daban servizo nesta liña, ante a problemática detectada con eses traballadores con respecto á nova adxudicataria.

O día 24 de agosto de 2017 houbo unha reunión da Comisión de Seguimento do Plan de transporte público de Galicia, na que se lle solicitou documentación complementaria ás empresas nas que se detectaron problemas coa subrogación dos traballadores para establecer se procedía o inicio da resolución dos contratos.

O día 31 de agosto de 2017, nunha nova reunión da Comisión de Seguimento da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, e ante o incumprimento da nova adxudicataria da subrogación dos traballadores, acordouse iniciar o procedemento para a resolución da adxudicación coa finalidade de volvelo adxudicar.

O certo é que, aínda que a Xunta de Galicia ten actuado conforme ao establecido na normativa de aplicación, a situación dos traballadores non parece que se vaia resolver dun xeito xusto e nun prazo breve.



Grupo Parlamentario

A normativa de contratación pública permite que a nova adxudicataria formule as alegacións que considere procedentes o que dilatará o tempo de resolución de modo que subroga, e polo tanto, contrate aos traballadores afectados de xeito inmediato; é aquí onde a iniciativa política toma a máxima relevancia ao ser o Goberno da Xunta de Galicia un interlocutor que ocupa un lugar privilexiado fronte á unión temporal de empresas adxudicatarias.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante a situación exposta os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que actuacións pensa levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver, de xeito inmediato, a situación dos 15 traballadores que, procedentes da empresa Arriva, deberían ter sido subrogados pola UTE Autos Morán, S.L., Autocares Rodríguez Domínguez, S.L.?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 12/09/2017 17:20:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2017 17:20:50

Raúl Fernández Fernández na data 12/09/2017 17:20:58

María Luisa Pierres López na data 12/09/2017 17:21:07

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A falta de transparencia da Consellería de Sanidade en relación ás listas de espera do SERGAS supón unha situación habitual dende sempre. A negativa do Goberno a dar a coñecer o número de persoas existentes nas listas non estruturais, pon en evidencia o intento por agochar unha realidade consecuencia das políticas de recortes e privatizacións nos servizos públicos.

O incremento de persoas nas listas de espera, vai inevitablemente ligado a un aumento de traslados a centros concertados/privados, derivando o orzamento público cara as empresas sanitarias do ámbito privado. Esta práctica provoca, que aquelas persoas que queren ser operadas nun hospital público, pasen a formar parte das listas non estruturais e polo tanto a perder o lugar que ocupaban nas listas estruturais no momento en que denegan ofrecemento de operarse na privada.

Ademais, é necesario engadir a continuidade das nefastas políticas de persoal da Consellería de Sanidade, que non dan cobertura aos permisos de vacacións ou baixas de gran parte do persoal, así como a falta de ofertas públicas de emprego, en detrimento do servizo sanitario público.

A situación descrita beneficia á sanidade privada, que este verán, a través da fundación IDIS que agrupa centros sanitarios privados, propoñían á Xunta de Galicia por medio da colaboración público-privada un plan de choque de listas



cero para 2018 e valorado en 88 millóns de euros que se desviarían de fondos públicos, descapitalizando o SERGAS en beneficio da sanidade privada.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Ten pensado o Goberno seguir dándolle negocio á sanidade privada mentres efectúa recortes na pública?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/09/2017 17:59:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao calendario de adxudicación de prazas.

O inicio do curso 2017-2018 comeza como rematou o anterior, con recortes no ensino público e o conseguinte menoscabo do dereito universal á educación. Tamén con síntomas claros da falta de planificación e mala xestión por parte da consellería que este ano vén de superarse estirando ao máximo o prazo para a adxudicación de prazas.

Así, 4446 docentes de secundaria e FP coñeceron os seus destinos apenas unha semana antes de que comezaran as aulas e cando os primeiros claustros de profesorado xa se celebraron. Un prazo claramente insuficiente para a correcta planificación e preparación do curso escolar, tanto por parte das persoas directamente afectadas que deben planificar a súa vida e o seu traballo, como dos propios centros que comezan o curso sen todo o seu profesorado incorporado.

Ante esta situación, o grupo parlamentar de **En Marea** presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Considera adecuado o Goberno galego que o profesorado de secundaria coñeza os seus destinos con só unha semana de antelación?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.



Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Boveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2017 19:29:08

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2017 19:29:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno, relativa aos recortes educativos no presente curso 2017/2018

Lamentablemente o inicio do curso 2017/2018 faise como rematou o previo, co desmantelamento por parte do Goberno galego da rede de centros públicos de Galicia, situando ás vilas e pobos do rural galego nunha situación de verdadeira alerta educativa.

Así, o remate do curso previo veu protagonizado pola decisión unilateral da Consellería de Educación para eliminar arbitrariamente ensinanzas en varias zonas de Galicia sen informar previamente aos membros da comunidade educativa. Deste xeito decretouse a:

- Supresión da etapa secundaria obrigatoria no CPI Monte Caxado de As Pontes, provocando a eliminación deste centro e a reubicación do alumnado e do profesorado do CPI Monte Caxado nas instalacións do CEIP A Madalena
- Supresión da etapa secundaria obrigatoria no CPI Tomás de Lemos de Ribadavia coa reubicación do alumnado e do profesorado do centro no IES.
- Supresión da etapa secundaria obrigatoria no CPI A Ribeira (O Porriño) coa reubicación do alumnado e do profesorado do centro no IES.
- Peché do CEIP Emillio Navasqües na Serra de Outes.

Unhas decisións que provocaron un enorme malestar e contestación nas diferentes comunidades educativas que evidencian, unha vez máis, o desprezo do goberno do Partido Popular cara o diálogo coa comunidade educativa. E desprezo claro aos dereitos laborais do profesorado, que se reduce en 28 prazas e que viu como lle furtaban o seu dereito a participar no Concurso de Traslados.



Ao mesmo tempo temos que lamentar o peche de nove escolas unitarias. As afectadas polo desmantelamento do ensino rural este ano foron: a do **Monte da Vila (O Grove)**, a EEI de **Xil-Meaño**, a EEI de **Portosanto (Poio)**, a EEI de *Tremoedo (Vilanova de Arousa)*, a do Salteiro (en Boiro), a Revoltiña (A Laracha), a Rúa (Padrón), a Seira (Rois), e o CEIP Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, de Xunqueira de Espadañedo.

Peches e tamén perda de unidades e postos docentes. Tal e como podemos ver no catálogo de Educación Infantil e Primaria este curso teremos 38 unidades pechadas de Educación infantil e 34 de primaria. Coas creadas teríamos 27 unidades de infantil e 15 de primaria menos. Isto supón 28 profesores de infantil e 19 de primaria suprimidos; en total 47 docentes do corpo de mestres.

No que respecta á primaria atopámonos con 173 postos suprimidos/desprazados (22 máis que o curso anterior). Ao par que aumentan interinos, 8 máis ca o ano pasado, así como itinerantes, 63 máis que o curso pasado e 277 con afíns, 58 afíns e itinerantes que supoñen un 27% das prazas adxudicadas.

No que atinxe aos datos de Secundaria atopamos 5 prazas suprimidas e 47 deprazados, así como 762 persoas en situación de interinidade e 1774 substitucións. Deste xeito, as itinerancias e afíns supoñen un 29% das prazas adxudicadas.

Sen embargo, ao mesmo tempo as unidades concertadas aumentan. Peñaredonda, Montespiño e Montecastelo aumentan 1 unidade de EP cada un deles. En FP, conceden unidades concertadas a centros que segregan e non llas conceden a centros públicos de FP que as solicitan. Así, concértanse en FP 18 ciclos de grao medio, 15 ciclos de grao superior e 19 de FP Básica a maiores dos xa existentes.

Cifras que deixan un triste balanço do Goberno de Alberto Núñez Feijóo no que respecta ao ensino galego, que suma récords no que atinxe a aulas, escolas e profesorado eliminado, récords que empobrecendo o sistema educativo galego, especialmente intenso no que atinxe ao medio rural.



Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- É consciente o Goberno galego das consecuencias que ten para o noso sistema educativo o peche de aulas e escolas levado a cabo durante os últimos anos en Galicia?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2017 19:26:53

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2017 19:27:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral en Pleno, relativa ao profesorado con materias afíns.

O inicio do curso 2017-2018 comeza como rematou o anterior, con recortes no ensino público e o conseguinte menoscabo do dereito universal á educación. Menos recursos que teñen un impacto directo na calidade da educación e se deixan sentir en numerosos eidos como o do propio profesorado que se reduciu, no noso país, en 1200 profesionais dende o inicio da crise financeira.

As consecuencias son claras, menos profesorado, maior porcentaxe de interinidade e, agora, máis profesorado que se ve obrigado a impartir materias que non son da súa especialidade.

Dunha banda, a taxa de interinidade pasou de algo menos do cinco por cento en 2009 ao 16% no presente curso. Menos emprego público, peor pagado e de peor calidade.

Por outra banda, tamén aumenta o profesorado de materias chamadas afíns. Deste xeito, no curso que comeza, máis de **1.400 docentes impartirán asignaturas que non son da súa especialidade (máis do 28% do persoal con destino provisional e cunha suba do 6% ao respecto do ano pasado)** e máis de 450 traballarán en máis dunha escola. Mesmo hai máis de 60 persoas nas que **conflúen ambas situacións**: varias asignaturas en varios colexios. Esta situación supón un paso máis no empeoramento das condicións de traballo do profesorado e, ao mesmo tempo, unha diminución clara na calidade do ensino público.

Ante esta situación, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



- Considera o Goberno galego calidade educativa que teñamos casos de profesorado especialista en lingua e literatura española que imparta tecnoloxía?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/09/2017 11:19:46

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/09/2017 11:21:28

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os centros de día son recursos sociais intermedios dirixidos a atender as necesidades específicas das persoas maiores. As persoas que acoden a este servizo non cambian de domicilio, senón que seguen residindo na súa casa e desprázanse ata estes centros durante o día, sendo así que cumpren unha importante función de apoio ás familias.

Galicia, cun índice de envellecemento de 188, é a segunda comunidade máis envellecida de España (só por detrás de Asturias), unha taxa que a coloca 74 puntos por encima da media nacional e que supón un incremento do 141 % respecto da rexistrada hai catro décadas. Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida, non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Porque unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva.

En decembro de 2008, o Consello da Xunta aprobaba o Decreto polo que creaba unha vivenda tutelada para a atención de persoas con discapacidade no Concello de Ponte Caldelas, na provincia de Pontevedra. A radicación ía ser na Casa da Quintán, un chalé indiano cunha parcela de 1.467 metros cadrados e cun investimento de 407.803 euros. Pasados 9 anos e despois de que a asociación renunciase, a casa segue a estar pechada e con evidentes sinais de deterioro.

Cun alcalde socialista, o pleno municipal aprobou o pasado ano, por unanimidade, demandar á Xunta de Galicia a súa apertura como Centro de Día para maiores. Pero nada se sabe.

Grupo Parlamentario

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Apoia o Goberno ao seu grupo municipal en Ponte Caldelas (Pontevedra), que votou a favor da iniciativa do alcalde de demandar á Xunta de Galicia a apertura da Casa da Quintán como centro de día para maiores ou para calquera outro fin social?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2017 13:16:17

Noela Blanco Rodríguez na data 13/09/2017 13:16:25

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No ano 2014, a Xunta de Galicia pechaba o proceso de adxudicación do solo industrial na Reigosa (Ponte Caldelas), pero sen vender unha soa parcela. O Instituto Galego de Vivenda e Solo declaraba así deserto o concurso para promocionar 60 solares na Central de Transportes, cunha superficie total de máis de 86.000 m² inaugurados en 2005, cunha urbanización que costara uns 3,5 millóns de euros e que fora pensada como 5 grandes parcelas para acoller naves loxísticas.

O proxecto tiña o obxectivo de dinamizar a actividade do transporte para converter a central na base de moitas empresas da provincia e nunha zona moi industrializada, cos polígonos do Campiño e A Reigosa no mesmo emprazamento.

Dende a súa inauguración, foise reparcelando en máis de medio cento de pequenas parcelas para almacéns individuais, ademais de ir rebaixando o prezo das parcelas. Hoxe, non hai nin unha soa parcela vendida.

E o Concello de Ponte Caldelas non pode dar licenzas porque a Xunta de Galicia (que é a titular exclusiva do terreo) non adaptou a normativa para aliñar fachadas, fondos edificables, muros de peche e outros. Polo tanto, *“una pescadilla que se muerde la cola”*.

Polo que as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Ten o Goberno da Xunta de Galicia algunha estratexia definida, con claridade e cun horizonte temporal razoable, para dinamizar a actividade do transporte na comarca de Ponte Caldelas?



 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2017 13:45:43

Raúl Fernández Fernández na data 13/09/2017 13:45:50

María Luisa Pierres López na data 13/09/2017 13:45:58

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e Maria Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A estrada PO-234 une o Concello de Ponte Caldelas e o novo Concello de Cerdedo-Cotobade e pasa polo pobo de Laxoso. Ten unha lonxitude total de 7 quilómetros, conta cun trazado cheo de curvas moi cerradas e carrís de 2 metros sen beiravía. Por esta estrada pasan diariamente, ademais de coches, numerosos camións e o autobús escolar, vehículos que, polo seu volume, vense obrigados a invadir o carril contrario, provocando sustos e ata algún accidente e poñendo entón en perigo a integridade dos veciños e veciñas que circulan por ela e que reiteradamente teñen reclamado a mellora desta estrada.

No proxecto de reforma desta estrada habería que contemplar o arranxo das curvas do trazado (que son moitas, estreitas e cegas), unha ampliación da calzada de ata 7 metros e unha senda peonil nun lateral no pobo de Laxoso. Á execución deste proxecto comprometéronse nas sucesivas eleccións o exalcalde de Cotobade e o exalcalde de Ponte Caldelas (os dous do PP) e así, na última campaña autonómica, o Goberno anunciou que só faría a obra por Cerdedo-Cotobade, esixindo a cesión de todos os terreos afectados (99 parcelas en total). Ante a dificultade de identificación das parcelas, o Concello de Ponte Caldelas propuxo un convenio polo que el mesmo se encargaría das expropiacións e o Goberno aceptouno de principio. Mais nada se sabe dende entón, aínda que xa se publicou o inicio do expediente expropiatorio para 74 parcelas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia do perigo constante da estrada PO-234, entre os concellos de Ponte Caldelas e Cerdedo-Cotobade?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2017 16:24:33

Raúl Fernández Fernández na data 13/09/2017 16:24:40

María Luisa Pierres López na data 13/09/2017 16:24:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16419
Data envío: 13/09/2017 17:43:50.100

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á valoración do Goberno galego do resultado da súa política para a enerxía eólica e as consecuencias para o país derivadas da decisión de anular o concurso eólico do Bipartito.

As sentenzas recibidas durante os últimos anos e que terá que pagar a Xunta de Galiza do peto dos galegos e galegas son unha evidencia que confirma o fracaso do concurso eólico impulsado polo goberno do Sr. Núñez Feijóo, que xa naceu eivado ao botar abaixo o concurso anterior por sectarismo político e que se complementou con modificacións levadas a cabo polo propio PP no Goberno do Estado para desincentivar a aposta por este tipo de enerxía.

Anos despois, as diferentes sentenzas que se foron coñecendo publicamente ilustran como a supostas ilegalidades do concurso impulsado polo goberno nacionalista e socialista eran fundamentalmente un argumento sen fundamento. De feito, de analizar os contidos de sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo confirman as consecuencias de tal decisión e a inseguridade e agravio comparativo que supuxo para os axentes implicados. Ben ao contrario, é o actual concurso eólico o que cada vez presenta máis indicios de dubidosa legalidade ao tempo que incumpre todos anuncios relativos ao investimento, á creación de emprego e á potencia instalada.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16419
Data envío: 13/09/2017 17:43:50.100

Deste xeito, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) recoñeceu en varias sentenzas o dereito de indemnización dos parques eólicos que foron aprobados durante o goberno Bipartito e anulados pola Xunta de Galiza presidida por Núñez Feijóo recollendo os danos evidentes e sinalando a existencia dunha responsabilidade patrimonial por parte do Goberno galego, algo que en última instancia sairá de recursos que poderían destinarse a fomentar os nosos sectores produtivos e a mellorar a nosa competitividade enerxética. Podemos mencionar tamén a sentenza que anula cobro de impostos a parques eólicos de xaneiro de 2016 ou a sentenza en contra do procedemento de valoración das ofertas do concurso de febreiro do mesmo ano.

Máis recentemente, coa información ao Parlamento Galego das modificacións orzamentarias de xullo de 2017 coñecemos como a Xunta de Galiza, máis concretamente a consellaría de Economía, emprego e industria, aprobaba unha transferencia de crédito por importe de 2.949.935,36€ entre aplicacións orzamentarias correspondentes aos programas 621B “Imprevistos e funcións non clasificadas” e 731A “Dirección e Servizos Xerais de Industria” co obxectivo de levar a cabo o pagamento de diferentes sentenzas.

Desta forma, a Xunta de Galiza acata a sentenza nº222/2016 de EDP Renewables Europe SL co montante, xuros engadidos, de 688.615,96€; a sentenza n.º784/2016 de Iniciativas Estratéxicas Galegas (INESCAL) por valor de 27.187,39€ xuros engadidos; a sentenza nº415/2016 por valor de 140.959,66€ a favor de Andavia Renovables S.A; a sentenza favorábel a Ventauria Enerxía Rural S.A do 21 de marzo de 2017 que resulta en 930.491,22€ computando os xuros e tamén a sentenza do 29 de marzo de 2017 a prol de Viraventos Energy por unha contía final de 375.819,97€.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16419
Data envío: 13/09/2017 17:43:50.100

Coñecidos estes datos e a decisión da Xunta de Galiza de levar a cabo estes acatamentos enténdese que a Xunta de Galiza asume as consecuencias da súa errada decisión de botar abaixo o proxecto Bipartito.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza das consecuencias económicas e xurídicas de ter anulado o concurso eólico do Bipartito?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16419
Data envío: 13/09/2017 17:43:50.100

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2017 17:36:41

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2017 17:36:47

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2017 17:36:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2017 17:36:55

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2017 17:36:59

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2017 17:37:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Banco de España vén de publicar o nivel de débeda pública, segundo o Protocolo de Déficit Excesivo (PDE) por Comunidades Autónomas, correspondente ao primeiro trimestre de 2017.

Estes datos son moi negativos para Galicia: somos a Comunidade Autónoma na que máis se incrementou a débeda no último trimestre.

No conxunto das CC.AA a débeda do primeiro trimestre de 2017 incrementouse o 0,9% en comparación coa débeda coa que rematou o 2016. Ata cinco Comunidades Autónomas reduciron a súa débeda no trimestre, outra máis permaneceu estable e outras cinco tiveron un incremento moi baixo.

Unha situación que contrasta co que sucedeu no noso país. A débeda pública galega incrementouse nos tres primeiros meses do ano en 728 millóns de euros, un 6,7%, ata chegar aos 11.582 millóns de euros, cifra *record* na nosa historia.

Estas diferenzas tan significativas teñen que ser explicadas: por que a débeda en Galicia se incrementou sete veces máis que a media do conxunto das CC.AA?.

Tamén parece pouco compatible o discurso do control do déficit que fai a Consellería de Facenda con este elevado incremento do endebedamento.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



- Como se pode explicar que Galicia sexa o territorio do Estado no que máis se incrementou o endebedamento, sete veces máis que a media das CC.AA e trece veces máis que en Cataluña?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 14/09/2017 12:42:42



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O PP vén de demostrar (outra vez) que a súa política do medo é tan só una escusa para recortar dereitos á cidadanía, un xeito de arrebatarse liberdades ao mesmo tempo que se furta o debate político de fondo.

Molesto pola posibilidade de que diversos colectivos, organizacións e persoas debateran acerca do que sucede en Cataluña, o Partido Popular presentou un recurso contra un acto de apoio ao referendo catalán do 1 de outubro que se ía celebrar nun espazo cedido polo concello de Madrid .

Xusto cando a sociedade civil aposta por construír un clima de debate democrático, cando se denuncia que o inmovilismo e a falla de debate previo enquistou os conflitos, é lamentable que o PP insista en impedir espazos de debate instando mediante as súas denuncias a suspensións dos mesmos.

A reacción do PP neste caso é, cando menos, paradoxal. É un paradoxo que o partido que leva tempo reclamando que o resto do Estado tamén se pronuncie sobre a cuestión catalá trate agora de impedir que os madrileños expresen o seu sentir. É un paradoxo que o partido que se manifestou en contra da lei de matrimonio homosexual e en contra da reforma da lei do aborto se leve as mans á cabeza por unha manifestación pacífica que, ao seu parecer, é contraria a unha sentenza do Constitucional. E é tamén un paradoxo que o partido que presume de constitucionalista e garante das liberdades lle teña tanto medo ao exercicio da



liberdade de expresión recollida na Carta Magna. Incongruencias que son, en último termo, un síntoma do absurdo que resulta querer arranxar conflitos de índole política nos tribunais.

Aproveitando o barullo, o Partido Popular teimou na construción do inimigo interno que tanto precisa para desviar a atención da súa pésima xestión política. O seu empeño en criminalizar a diferenza e perseguir ás persoas, colectivos, organizacións ou entidades que no lexítimo uso da súa liberdade defenden ideas políticas distintas só pode lerse como un medo ao propio debate político. O Partido Popular teme a política.

O Goberno do PP leva anos retallando dereitos e liberdades, condicionando a liberdade de expresión, actitudes como as acontecidas nas últimas horas son un paso máis inaceptable no recorde de dereitos fundamentais que conducen a un estado de excepción inaceptable en termos democráticos.

Sen sociedades civís libres non existe democracia, polo tanto non se poden entender os ataques aos dereitos fundamentais e as liberdades civís perpetradas polo Partido Popular.

Por todo o exposto con anterioridade, presentase a seguinte Pregunta:

- Que opinión lle merece ao Goberno da Xunta que non se permita unha actividade política pacífica?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/09/2017 16:48:46

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre as causas na redución do número de capturas de sardiña.

A sardiña representa un produto fundamental para a pesca galega, sobre todo para artes como a do cerco e, en menor medida, a do xeito, sendo o sustento para milleiros de familias galegas polo seu valor comercial.

Sen embargo, ao longo dos últimos anos, o número de capturas de sardiñas non fixo máis que descender. Entre os anos 2006 e 2016 a caída foi progresiva, pasando das 20.227.138 kg aos 4.374.736 kg, un descenso do 78%. Esta é unha cifra que ten alarmada aos mariñeiros porque deixa nunha situación moi delicada a todo o sector.

O certo é que a orixe do problema non é clara, diversos estudos chegan a contradicirse sobre a orixe do problema. Algúns fan referencia á sobrepesca, pero a realidade é que a presión pesqueira non aumentou non últimos anos, polo que esta opción ten pouco peso dentro da comunidade investigadora. Outras alternativas son os altos niveis de contaminación do mar ou tamén o cambio climático, que ten como consecuencia un aumento da temperatura o que fai que a sardiña se dirixa a augas máis frías cara o norte.

Recentemente Portugal enviou un buque para analizar as causas deste descenso no número de capturas, un problema que por desgracia non é novo e que tal como reflexan os datos representa unha situación que empeora ano a ano.



Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

- Que medidas establece a Xunta de Galicia para reverter a tendencia negativa no número de capturas da sardiña?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 14/09/2017 17:00:49

Juan José Merlo Lorenzo na data 14/09/2017 17:00:56

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a externalización, por parte da Xunta de Galicia, da elaboración dos informes psicosociais para aquelas parellas con fillos que están en trámites de divorcio.

En Galicia prodúcese de media cada día dezoito divorcios ou separacións matrimoniais. Moitas destas parellas teñen fillos, e cando non se chega a un acordo amistoso entre as partes, o Xulgado de Familia encarga un informe psicosocial antes de tomar unha decisión.

O organismo encargado de elaborar este informe é o Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) que ante a falta de recursos aumentou de forma escandalosa os tempos de espera, colapsando desta forma moitos xulgados galegos.

Para solventar esta problemática, a Xunta de Galicia asinou a mediados de setembro un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para axilizar ao máximo a elaboración de informes periciais solicitados polos Xulgados de Familia. Este convenio ten un orzamento máximo estipulado de 105.500 €.

A Xunta de Galicia comunicou que *“os traballadores sociais que realicen estes servizos deberán ser seleccionados/as entre os/as colexiados/as que cumpran cos requisitos xurídico administrativos para o exercicio profesional, conforme a que estean desempeñando actividades de similares características e á súa formación e especialización no ámbito da psicoloxía xurídica”*



Baixo o pretexto dun aumento de asuntos nos Xulgados de Familia galegos, a Xunta de Galicia quere externalizar un novo servizo público. A solución dende logo non pasa por privatizar o servizo desta forma, senón aumentando os recursos do IMELGA para que se poidan reducir os tempos de espera e se axilice o traballo para evitar os colapsos nos Xulgados de Familia.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Por que se asinou un convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para externalizar a elaboración de informes psicosociais en lugar de destinar eses recursos para mellorar o Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA)?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 14/09/2017 17:11:30

Luis Villares Naveira na data 14/09/2017 17:11:39



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o súa resposta oral en Pleno, **relativa as actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia para dar cumprimento a Proposición non de lei, aprobada na Comisión 3ª, relativa a Conta Corrente de Servizos Mínimos Esenciais.**

O pasado 9 de xuño aprobouse por unanimidade na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos unha Proposición non de lei, presentada por En Marea, referida a creación dunha Conta Corrente de Servizos Mínimos Esenciais.

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Instar o Goberno de España a crear unha conta corrente de servizos mínimos esenciais.

En colaboración co Banco de España, o Goberno deberá crear unha Carta de servizos bancarios mínimos esenciais ou servizos bancarios básicos que todas as entidades bancarias deberán ofrecer a un custo reducido (como máximo, anualmente, unha cantidade equivalente ao 1 % do SMI mensual) ou custo cero. Entre os servizos que deberían ser considerados como servizos bancarios mínimos esenciais ou servizos bancarios básicos, polo menos, atoparanse os seguintes:

- Apertura e mantemento da conta de servizos mínimos.
- Tarxetas de débito para operar con esa conta.

- Acceso á conta a través de caixeiros e todos os dispositivos dos que dispoña o banco.
- Realizar depósitos, reintegros, pagamentos e transferencias interbancarias nacionais sen restricións no número de operacións.

A conta bancaria de servizos esenciais ou conta básica debe cumprir, polo menos, os seguinte requisitos:

- O usuario só poderá ter unha conta bancaria aberta en forma de conta bancaria de servizos esenciais.
- A conta ten que estar aberta como mínimo un ano.
- Ten que ter un saldo medio máximo (que se calculará como porcentaxe do SMI).

No caso de que a conta non cumpra estes requisitos, a entidade bancaria poderá cancelala.

2. Namentres o Goberno do Estado pon en marcha de maneira xenérica a conta básica bancaria instase a Xunta de Galicia a dirixirse a todas as entidades bancarias con actividade en Galicia para recomendarlles ofrecela de maneira voluntaria a todas as cidadás e cidadáns vulnerables e, de maneira automática, a todas aquelas que acrediten:

- Seren perceptores da Risga ou calquera outra renda de inserción.
- Que poidan acreditar que os seus ingresos mensuais son inferiores ao SMI.
- Que, sen poderen acreditar os seus ingresos, dispoñan dun certificado dos servizos sociais municipais ou autonómicos de se atoparen en situación de vulnerabilidade.



3. Desenvolver os mecanismos necesarios para garantir que os custos destas medidas non sexan trasladados ás persoas usuarias polas entidades bancarias.”

Transcorridos 4 meses desde dita aprobación, En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Pleno:

1.- Que actuacións levou a cabo ata o momento o Goberno da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao aprobado na mencionada Proposición non de lei?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 14/09/2017 18:12:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 16702
Data envío: 18/09/2017 12:15:30.992

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a valoración do Goberno galego do resultado da súa política canto á enerxía eólica.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polas novidades sobre as consecuencias da política da Xunta canto á enerxía eólica.

Exposición de motivos

Durante os últimos anos coñecemos o resultado de diversas sentenzas xudiciais relativas ás consecuencias da anulación do concurso do bipartito que terá que pagar a Xunta de Galiza do peto dos galegos e galegas. Anos despois, coñécense máis evidencias que confirman o fracaso do concurso eólico impulsado polo goberno do Sr. Núñez Feijoo, que xa naceu eivado ao botar abaixo o concurso anterior por sectarismo político e que se complementou con modificacións levadas a cabo polo propio PP no Goberno do Estado para desincentivar a aposta por este tipo de enerxía.

Recentemente, coa información ao Parlamento Galego das modificacións orzamentarias de xullo de 2017 coñecemos como a Xunta de Galiza, máis concretamente a Consellaría de Economía, Emprego e Industria, aprobaba unha transferencia de crédito por importe de 2.949.935,36€ entre aplicacións orzamentarias



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 16702
Data envío: 18/09/2017 12:15:30.992

correspondentes aos programas 621B “Imprevistos e funcións non clasificadas” e 731A “Dirección e Servizos Xerais de Industria” co obxectivo de levar a cabo o pagamento de diferentes sentenzas.

Coñecidos estes datos e a decisión da Xunta de Galiza de levar a cabo estes acatamentos enténdese que a Xunta de Galiza asume o seu fracaso canto á súa política de desenvolvemento da enerxía eólica, certificada tamén polos datos sobre o sector da última década.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que valoración fai a Xunta de Galiza das consecuencias da súa política canto á enerxía eólica?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 16702

Data envío: 18/09/2017 12:15:30.992

Noa Presas Bergantiños na data 18/09/2017 12:15:16

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral no pleno, con carácter urxente**, relativa á recuperación da memoria histórica

Xustificación da urxencia.

A decisión tomada pola Fundación Franco de cancelar as visitas ao pazo de Meirás por supostos “motivos de seguridade” non é mais que un novo paso na indecencia e ofensa ás vítimas do franquismo e ao conxunto do país.

O Pazo de Meirás é quizais o elemento máis significativo do espolio ao que someteu o ditador a Galicia, roubando terreos, diñeiro, casas e patrimonio artístico do que se lucraron non só a familia Franco, senón tamén, as elites que apoiaron a ditadura.

É unha indecencia que os propietarios do pazo sexan, aínda hoxe, a Familia Franco e os xestores, unha fundación que non dubida en facer apoloxía do fascismo. Incumprindo a lei de fundacións e insultando a memoria das vítimas do Franquismo.

Compre, polo tanto, recuperar a titularidade para o país do patrimonio usurpado por Franco, pero tamén devolver a dignidade ás vítimas do terror fascista exhumando e abrindo as fosas que aínda quedan.



Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno con carácter urxente:**

- Que vai facer a Xunta de Galicia para recuperar o conxunto do espoliado por Franco, incluído o Pazo de Meirás, e proceder a apertura e exhumación das fosas dos represaliados da ditadura militar?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/09/2017 18:15:15



Á Mesa do Parlamento

Luís Villares Naveira, voceiro do Grupo Parlamentar de En Marea, advertido un erro no doc. núm. 16845, solicita se lle axunte as seguintes sinaturas.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/09/2017 18:54:06

Antón Sánchez García na data 18/09/2017 18:54:18

Paula Vázquez Verao na data 18/09/2017 18:54:34

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/09/2017 18:54:37

Juan José Merlo Lorenzo na data 18/09/2017 18:54:41

Carmen Santos Queiruga na data 18/09/2017 18:54:44

Eva Solla Fernández na data 18/09/2017 18:54:48

Luca Chao Pérez na data 18/09/2017 18:54:51



Paula Quinteiro Araújo na data 18/09/2017 18:54:54

Magdalena Barahona Martín na data 18/09/2017 18:54:57

José Manuel Lago Peñas na data 18/09/2017 18:55:00

Francisco Casal Vidal na data 18/09/2017 18:55:03

David Rodríguez Estévez na data 18/09/2017 18:55:08

Marcos Cal Ogando na data 18/09/2017 18:55:12



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Feijóo, despois de todo o que levamos visto, queda algo do seu slogan electoral “Galicia Primeiro”?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2017 12:01:52

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, como ten previsto defender os intereses de Galicia bloqueados polo Goberno de España?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2017 13:15:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, voceiro do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

- Que vai facer para dar solucións políticas aos problemas políticos evitando que o Goberno do Estado continúe recortando dereitos fundamentais como a liberdade de expresión , manifestación e reunión?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/09/2017 17:57:04

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No DOG nº 44 do 3 de marzo de 2017 publicouse a Orde do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2017.

No artigo 24. Resolución. Establece que dentro dos cinco meses seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes, cumpridos os trámites previstos no artigo 21 desta orde, emitida a proposta de resolución polo órgano instrutor e fiscalizada esta pola respectiva Intervención, a persoa responsable da xefatura territorial, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ditará e notificaralle á entidade solicitante a resolución que proceda.

Á vista destes datos e téndose cumprido o prazo dos cinco meses, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os concellos solicitantes das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2017?

2ª) Cales son os concellos beneficiados polas axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2017?

3ª) Cal foi a baremación dos concellos que solicitaron as axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2017?

 **Grupo Parlamentario**

4ª) Cales son as contías concedidas a cada un dos concellos beneficiados?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2017 10:43:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/09/2017 10:43:19

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/09/2017 10:43:42

Noela Blanco Rodríguez na data 08/09/2017 10:43:55

Julio Torrado Quintela na data 08/09/2017 10:44:03



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:12
Nº Rexistro: 15800
Data envío: 08/09/2017 11:12:43.239

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O episodio de contaminación rexistrado no concello de Nigrán na desembocadura do río Muíños en praia América-Lourido durante o mes de agosto, constitúe un caso de extrema gravidade tal e como se recolle na Lei de Saúde de Galiza.

A suposta desidia da Xunta, tardando dous días en comunicar ao concello a altísima concentración de bacterias (“*Escherichia Coli*”) que invalidaban as augas para o baño é un feito que non pode quedar sen ser aclarado e, probablemente, esixa unha revisión dos protocolos seguidos nestes casos.

Pola súa banda o concello, aínda que actuou con dilixencia na identificación do foco contaminante e a súa reparación, cometeu unha grave irresponsabilidade ao non impedir o baño mentres se solucionaba o problema. Semella que para evitar unha situación de alarma non dubidaron en seguir permitindo unha actividade que comprometía seriamente a saúde pública.

En definitiva, no BNG entendemos que veciñanza e visitantes estiveron bañándose dous días en augas non aptas pola inoperancia da Xunta, e outros dous días pola inconsciencia dun goberno municipal que parecía só querer evitar a mala publicidade. A prestanza coa que o goberno galego inspeccionou a falla de sinalización posterior, non ten correspondencia coa parsimonia do aviso inicial. A consecuencia é que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:12
Nº Rexistro: 15800
Data envío: 08/09/2017 11:12:43.239

os cidadáns estiveron expostos varios días a un foco de contaminación pola negligente actuación das administracións competentes, e non é un risco menor.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cal foi o procedemento seguido pola Xunta de Galiza desde que se obtiveron as mostras que arroxaron o resultado contaminante ata a apertura do expediente ao concello de Nigrán?

-No tocante á actuación da Xunta, é certo que se tardou dous días en comunicar ao concello de Nigrán os resultados das análises que evidenciaban a presenza de E.coli nuns valores superiores aos permitidos, tal e como está a denunciar o alcalde de Nigrán?

-De ser así, como se xustifica unha demora de 48 horas na comunicación dun caso de contaminación que supón un serio risco para a saúde das persoas?

-Tendo en conta do acontecido, tense previsto unha revisión dos protocolos de actuación para estes casos?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres
Xosé Luis Rivas Cruz
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:12
Nº Rexistro: 15800
Data envío: 08/09/2017 11:12:43.239

Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 11:09:49

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 11:09:54

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 11:09:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 11:09:59

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 11:10:00

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 11:10:02



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15809
Data envío: 08/09/2017 11:25:56.890

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O Pazo de Xelmirez acolle agora a exposición “Mestre Mateo” que o pasado novembro se inaugurou no Museo do Prado de Madrid e que reuniu por vez primeira un singular conxunto de esculturas do xenial artista ao que se lle dedicou o primeiro Día das Artes Galegas, autor, entre outras obras, do Pórtico da Gloria da Catedral, considerado un dos tesouros da historia da arte universal.

Nas pezas que se expoñen atópanse dúas obras que no seu tempo pertenceron ao propio Pórtico da Gloria e que o Mestre Mateo creou, polo tanto, para a Catedral de Santiago. Trátase das imaxes de Abrahán/Xeremías e Isaac/Ezequiel que en 1948 foron mercadas polo Concello de Santiago ao conde de Ximonde por 60.000 pesetas, coa condición de que estas non abandonasen a capital da Galiza, mais que de maneira totalmente irregular e sen se coñeceren os procedementos empregados obran no poder da familia de Francisco Franco e non están en Compostela senón no Pazo de Cornide, na Coruña.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15809
Data envío: 08/09/2017 11:25:56.890

En 2012, con motivo da exposición Domus Iacobi que conmemoraba o 800 aniversario da Catedral na que se mostraban as dúas esculturas, o grupo municipal do BNG de Compostela rexistrara xa unha pregunta ao goberno municipal sobre a existencia dalgún documento que dera conta da cesión das esculturas á familia Franco e, no caso de non existir, reclamaba o inicio de accións para recuperar as valiosas tallas de Mestre Mateo. A representante do goberno do PP respondía entón que consultados distintos departamentos non constaba ningún documento que acreditase a cesión.

A iniciativa chegaba ao concello despois de que a Asociación *O Sorriso de Daniel* iniciara unha campaña encamiñada a recuperar as dúas tallas pétreas para o patrimonio público co obxectivo tamén de reagrupar o patrimonio Mateano. Catro anos despois, as esculturas volven saír ao espazo público con motivo da exposición do Mestre Mateo, primeiro no Prado e logo no Pazo de Xelmirez, mais continúa sen ver á luz ningún documento que explique por que dúas xoias artísticas que foron mercadas para integrar o patrimonio do Concello de Santiago están en dominio privado da familia Franco na Casa de Cornide da Coruña.

Para o BNG a cuestión é de extrema gravidade e require unha acción firme por parte da Xunta de Galiza como institución que ten as máximas competencias en materia de patrimonio cultural.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15809
Data envío: 08/09/2017 11:25:56.890

-Ten coñecemento o Goberno galego de que a familia Franco posúe dúas esculturas procedentes da fachada románica da catedral de Santiago que eran propiedade do Concello de Santiago?

-Que xestións realizou a Xunta de Galiza para a devolución destes bens artísticos expoliados ao patrimonio público?

-Ten previsto a Xunta de Galiza iniciar os trámites para a declaración destas dúas esculturas como bens de interese cultural?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15809
Data envío: 08/09/2017 11:25:56.890

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 11:24:49

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 11:24:55

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 11:24:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 11:24:58

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 11:24:59

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 11:25:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No ano 2016 suicidáronse en Galicia un 7% máis de persoas que no ano 2015, o que supón unha taxa de 12,69 mortes por cada 100.000 habitantes, moi superior a media española de 7,76. Son datos alarmantes que, por desgraza, non están a recibir a atención que merecen por parte das institucións. Dende o ano 2008, o número de suicidios supera o de mortes en accidente de tráfico, chegando os últimos anos a duplicalo (en 2014 morreron en Galicia 181 persoas en accidente de tráfico e 371 a causa dos suicidios). Non obstante, as institucións galegas e do estado non desenvolveron medidas de concienciación e prevención para evitar os suicidios como si se fixo para acabar coas mortes na estrada. Como consecuencia, os suicidios continúan aumentando, chegando a constituír un gravísimo problema de saúde pública.

O incremento dos suicidios é en gran medida un síntoma da dor inmensa que experimenta a sociedade con motivo da crise. Un suicidio non é nunca un asunto privado, senón que responde a cuestións estruturais que son, por definición, políticas. Así, durante os anos máis duros da crise, no período comprendido entre 2007 e 2014, España foi vítima dun aumento dos suicidios do 20%, o que se traduce na trágica morte de 3.910 persoas. Obsérvase, ademais, que un dos maiores incrementos prodúcese na franxa de idade que está ao redor dos 50 anos (un 38%) que coincide precisamente cun dos grupos de poboación máis castigados pola ausencia de emprego e a precariedade.

No caso de Galicia, o ano pasado atopamos a maior diferenza co resto do estado precisamente nos homes de mediana idade e, polo tanto, en idade de traballar e de formar parte activa da sociedade. Entre os 40 e os 49 anos a taxa de suicidios en Galicia foi de 15 persoas por cada 100.000 habitantes; se nos centramos só nos homes, que presentan unha maior mortalidade por suicidio que as mulleres, a cifra é de 25 por cada 100.000. No resto do estado, a taxa é de 10 persoas (15 varóns) por cada 100.000.

É inevitable preguntarse cantas desas mortes non se terían producido se se garantiran as condicións materiais mínimas para unha vida digna.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas:

- Vai a Xunta de Galicia dotar dunha partida orzamentaria o Plan Galego de Prevención de Suicidios?
- Vai dotar dito Plan do persoal necesario para que se poda desenvolver correctamente?
- Como vai supervisar a implantación e execución do Plan?
- Pensa a Xunta de Galicia levar a cabo un programa de formación dirixido ás e os profesionais da sanidade para o tratamento temperá de factores que inciden no suicidio?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/09/2017 12:03:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 15848
Data envío: 08/09/2017 12:26:18.468

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Continúa na mente de todos/as nós o inferno de Leiría como mostra de que en cuestión de lumes forestais nunca está todo dito. É este lume unha pavorosa mostra diso que se chaman lumes de nova xeración.

Os incendios que viña habendo en Galicia tiñan unha velocidade media de propagación duns 10m./minuto, é dicir, nunha hora avanzaban, máis menos, 600 metros. Un medio de extinción normal tanto helicóptero como terrestre é capaz de conter e domear este incendio nun período de tempo razoable.

O lume de Leiría avanzaba 55m./minuto, e isto é serio, nunha hora 3,5Km. en todas direccións. Lume convectivo. Non hai medio que sexa quen de atallalo.

As condicións climáticas teñen unha incidencia cada vez máis importante. Diminución da humidade relativa durante máis tempo ó ano, menor humidade do combustible e polo tanto máis combustible exposto ó queimamento.

Co abandono do rural non se cultiva arredor dos núcleos de poboación por tanto as franxas de protección naturais desaparecen.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 15848
Data envío: 08/09/2017 12:26:18.468

A potencia dos medios de extinción aéreos diminuíu porque os helicópteros teñen cada vez menos carga de auga. De 1.500 litros que levaban nos anos 90 a 1.200 ou 1.000 litros que levan agora.

Nos anos 90 co PP e co Bipartito contratábanse helicópteros de alta potencia ascensional SOKOL, que levaban 1.500 litros de auga.

Os incendios de nova xeración vense agravados cando o vento nordés persistente impide que os helicópteros lixeiros poidan actuaren con normalidade. É aquí onde se botan en falta os de gran potencia ascensional, que son sensiblemente máis caros, pero tamén moito máis eficaces.

Curiosamente os pregos de condicións actualmente limitan a carga de auga a 1.200 litros porque as empresas que se presentan non dispoñen de Sokol ou similares, é dicir os pregos de condicións adaptanse ás empresas.

Había lumes de terceira xeración ata os anos noventa. Os lumes de cuarta xeración, os chamados **interface**, xeran dúas emerxencias unha multiemerxencia con afectacións tanto a vivendas como a persoas e como por suposto ó medio, podendo enxendrar situacións de atrapamento con risco para as vidas humana.

A dirección dun incendio forestal en terra está nas mans dun funcionario da Xunta de Galicia xa sexa técnico ou axente forestal, pero curiosamente a coordinación dos medios aéreos diríxela persoal da empresa privada, esta condición está expresa no prego de condicións. Só é entendible desde o punto de vista económico da empresa e nunca desde a efectividade na extinción.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 15848
Data envío: 08/09/2017 12:26:18.468

-Cal é a razón pola que os medios aéreos do operativo de incendios forestais perderon capacidade real e non están na actualidade adaptados ós incendios de nova xeración?

-Cal é a razón pola que o coordinador de medios aéreos nos incendios forestais é un membro da empresa que os fornece e non un técnico da Xunta de Galicia?

-Por que se tardou tanto en ter tilldozers de retén na provincia de Ourense e se teñen previsto manter este retén en Ourense así coma nas outras tres provincias galegas?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 12:22:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 15848
Data envío: 08/09/2017 12:26:18.468

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 12:22:12

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 12:22:14

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 12:22:15

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 12:22:18

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 12:22:20

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No Consello da Xunta de Galicia do día 16 de xaneiro do ano 2014 anunciouse a adxudicación das obras de ampliación do Hospital de Ourense, indicando que a data de inicio sería no primeiro trimestre dese mesmo ano, e a data de finalización a mediados do ano 2016, é dicir 26 meses de prazo de execución. A adxudicación da obra realizouse á UTE Vías y Construcciones, S.A. + CRC + Extraco, S.A. por un importe de 41.140.000 euros, e cun descenso de investimento sobre o importe de licitación de 16.845.550 euros, un 28,5 % menos.

Segundo consta no proxecto da obra e tal e como se reflicten na referencia do Consello da Xunta de Galicia dese mesmo día, “a obra consiste na execución dun novo bloque de hospitalización, dunha área de servizos xerais e a ampliación e dotación de aparcadoiro (tanto para o persoal do centro sanitario como para o resto da cidadanía).

Máis en detalle, a torre de hospitalización ten sete andares de hospitalización con dúas unidades por andar. Isto é, un total de 14 unidades das cales 9 son polivalentes médico - cirúrxicas, unha de psiquiatría, de paliativos, de oncoloxía e dúas unidades innovadoras.

En total ten unha capacidade máxima de aproximadamente de 900 camas. Ademais, dispón dunha área de docencia, cafetarías para o público e o persoal, departamento de admisión, tendas e vestíbulo.

Doutra banda, os servizos xerais constan de cociña, mantemento, vestiarios, zona de residuos, sala mortuoria e almacéns. Por último, a área de aparcadoiro artículase en 3 andares con aproximadamente 700 prazas. A superficie útil é de 47.864 metros cadrados e a súa superficie construída de 53.941 metros cadrados.

Grupo Parlamentario

No pleno do pasado 7 de xuño o conselleiro de Sanidade daba resposta a unha pregunta do Grupo Socialista acerca da posta en marcha da ampliación do CHUOU, afirmando que esta se produciría no mes de setembro.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Chegada esta data, manifestamos a nosa incerteza e preocupación ante as continuas denuncias da Comisión de Centro do CHUOU trala visita ás novas instalacións, de que non hai unha correspondencia entre os anuncios feitos pola Consellería de Sanidade e o número real de camas que estarán dispoñibles, debido a que nas contas da Administración non se atopan a multitude de camas que eles mesmos pecharon dende hai anos, pero que, ante as necesidades sanitarias da nosa poboación están case que todo o ano ocupadas, como pode verse na ocupación da terceira planta do Hospital Santa María Nai, a cuarta no Edificio Maternal, e outros "lugares" onde, como ben sofre a poboación, "ingrésase" aos doentes (unidades como salas de urxencias, salas de tránsito, UPI, etc.).

Dende hai varios anos levamos arrastrando os consecutivos peches de unidades de hospitalización, entendendo que non podemos consentir que se venda esta situación como unha mellora extraordinaria na hospitalización aos doentes de Ourense, cando en realidade o único que se vai producir é unha reorganización de espazos sen apenas aumento de camas, que grazas ás políticas da Xunta seguen a tentar de minimizar os ingresos hospitalarios, sen antes reforzar unha verdadeira rede de apoio sociosanitario e ás familias, para que a poboación poida ser atendida no seu domicilio, máis aínda na nosa provincia cunha poboación envellecida.

O aumento de camas, para proporcionar a atención de calidade que os doentes precisan e merecen, debe ir acompañada de incrementos de persoal que parece non se ve con bos ollos dende as administracións; se fose certo tal incremento, sería unha temeridade facelo sen un aumento de cadro de persoal axeitado ao número de camas que recomentan os ratios establecidos, se estes non se cumpren, estaríamos a observar unha verdadeira irresponsabilidade que os profesionais asuman unha carga imposible de xestionar para os xa axustados cadros de persoal.

Ademais chegada a data prevista para a apertura, segue o escurantismo do Goberno galego que non aclara se se implantará un modelo privatizado de "liña fría" que substitúa o modelo actual de cociña tradicional; así como a respecto da

Grupo Parlamentario

nova área de aparcadoiro sobre a que o Goberno galego aínda non aclarou se se será de titularidade e xestión pública.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Que valoración fai o Goberno galego do proceso de apertura ao público da ampliación do CHUOU?

2ª) En que data está previsto que se abra ao público a ampliación do CHUOU?

3ª) Poñeranse en marcha todos espazos desta nova infraestrutura ao mesmo tempo, ou a apertura será por fases e por zonas?

4ª) Tivéronse en conta as suxestións e apreciacións dos traballadores e traballadoras do CHUOU para a organización da apertura desta nova infraestrutura?

5ª) Con cantas camas contaba ata o de agora o edificio de hospitalización do CHUOU?

6ª) Cal será o número total de camas coas que vai contar, unha vez que se abra ao público a ampliación, o CHUOU?

7ª) Ten previsto o Sergas poñer en marcha neste complexo hospitalario, ou noutros centros sanitarios da provincia de Ourense, un modelo privatizado de “liña fría” que substitúa o modelo actual de cociña tradicional?

8ª) A respecto da nova área de aparcadoiro que se inclúe nas obras de ampliación do hospital de Ourense, ten previsto a Xunta de Galicia que sexa de titularidade e xestión pública sen custo tanto para as traballadoras e traballadores do CHUOU, como para os usuarios e usuarias do hospital?



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 8 de setembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/09/2017 11:18:48

Julio Torrado Quintela na data 08/09/2017 11:18:55



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15856
Data envío: 08/09/2017 12:54:26.271

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

Ata os anos noventa, noventa e pouco, a maioría dos lumes, aínda que con complicacións diversas, eran controlables, debido a catro razóns fundamentais:

- 1- *Porque as dispersas entidades de poboación non había que protexelas porque xa o estaban pola actividade agrícola, polo tanto a actividade do Spdcif era máis ofensiva que defensiva.*
- 2- *As masas forestais non tiñan o volume actual e debido ó abandono do rural, a carga de combustible é hoxe moi superior á dos anos noventa.*
- 3- *O cambio climático, con temperaturas máis altas, humidades relativas máis baixas, unhas secas continuadas e cada vez máis frecuentes olas de calor.*
- 4- *A atomización do Servizo de Extinción de Incendios, baixo a responsabilidade da Xunta de Galicia, coa continua perda de peso neste do Spdcif afecta gravemente á eficacia.*

No incendio de Verín deste ano dispónse de toda a potencia aérea de Galicia. No ocorrido en 2005 había moitos incendios simultáneos, había menos potencia de auga e, sen embargo, desta vez o lume avanzou máis ca daquela.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15856
Data envío: 08/09/2017 12:54:26.271

Entre outras aí van algunhas razóns:

--Este é un lume de cuarta xeración: caos urbanístico nas novas construcións residenciais no rural, o abandono do rural, a meteoroloxía e a tipoloxía do combustible.

--Menos eficacia dos medios aéreos, con helicópteros de menor potencia e cada vez menos carga de auga. De 1.500 litros que levaban nos anos 90 pasamos a 1.200 ou 1.000 litros que levan agora...

--Hai unha manifesta perda de eficacia, a pesar de que os lumes están diminuindo en número, veñen sendo máis virulentos.

--Atomización do dispositivo con diferentes procedencias das cuadrillas con heteroxénea formación, cando a hai. Estase metendo no monte xente pouco preparada.

Todo indica que nestes momentos faise necesaria unha seria reflexión, con participación de tódolos elementos que actúan no servizo de prevención e extinción, do que facer e como facer fronte ó reto dos lumes de interface e de quinta xeración.

O dramático aviso que nos deu o lume de Leiría debe facer reflexionar cabalmente sobre estes mencionados lumes e analízalos en tempo deseñando estratexias que eviten a improvisación e ineficacia.

Aquí ninguén se sentou nunha mesa para analizar como se traballa nun lume de tipo convectivo coma o de Leiría, como se traballa nun lume de cuarta ou quinta xeración e como se combina coa garda civil, bombeiros urbanos...

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para cando ten previsto o goberno galego tomar as medidas necesarias para, contando coa participación activa dos diversos colectivos que forman parte de todo o aparello que intervéñen no dispositivo de prevención e extinción, analiza-los lumes de cuarta e quinta xeración, e establece-los os protocolos de actuación idóneos e acomete-la adecuación dos medios humanos e materiais ós mesmos?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 12:49:38

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 12:49:43

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 12:49:44



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15856
Data envío: 08/09/2017 12:54:26.271

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 12:49:46

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 12:49:47

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 12:49:49

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Organizacións de defensa dos animais veñen de anunciar a presentación dunha denuncia administrativa polas circunstancias ocorridas durante a realización dun *tentadero* no Concello de Moraña (Pontevedra), esixindo á Subdirección Xeral de Xogo e Espectáculos Públicos a apertura dunha investigación.

Así, os colectivos denuncian irregularidades ao respecto dun suposto acto privado, pero que se podía seguir na súa integridade dende o exterior do recinto habilitado para tal fin e onde mesmo participou como espectadora a propia alcaldesa da localidade, do Partido Popular.

Ante esta situación a deputada que asina solicita en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia iniciar un expediente sancionador polo *tentadero* no Concello de Moraña (Pontevedra)?

2ª) Comparte o Goberno que esta práctica dos *tentaderos* trata de burlar a normativa vixente sobre actos taurinos?

3ª) Ten pensado o Goberno iniciar algunha modificación legislativa ao respecto?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/09/2017 12:56:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre a desatención, por parte da Xunta, aos produtores de gando extensivo, castaña, apicultura e cereal afectados pola seca e as xeadas.

O pasado día 7 o Goberno galego aprobou unha liña de axudas dotada de 1,5 millóns de euros para sufragar os custes derivados da contratación de créditos por agricultores afectados polos danos nos seus cultivos ocasionados por diversos fenómenos meteorolóxicos.

A Xunta impuxo como condición que a contía mínima dos créditos, que deben subscribir por explotación, é de 3.000 euros, para cubrir necesidades de circulante ou para refinarciar a débeda.

Este anuncio non soluciona a problemática á que se enfrontan estes agricultores, polo que estes xoves, preto de 200 agricultores da comarca de Viana e A Agudiña se manifestaban nunha tractorada de protesta, para pedir medidas ao respecto, como axudas directas (non créditos para financiar os intereses) para paliar a perda de produción e denunciar a falta de solucións por parte da Consellería de Medio Rural.

Desde En Marea observase con preocupación como os produtores e produtoras de gando extensivo, castaña, apicultores e apicultoras, etc. están sufrindo graves perdas de produción polas xeadas e a seca, ademais de ter que alimentar ao gando coas reservas para o inverno, non ter mel, que os castaños estean secos... con todo o que elo supón). A falta de choiva e de auga xa fixo que se activara a alerta



por pre-seca fai moitos meses, e sen embargo, desde a Consellería de Medio Rural non se tomou ningunha medida ao respecto en previsión de que a situación podía complicarse.

Na “lexislatura do rural”, moitos mozos e mozas emprendedores fixeron grandes inversións, e agora vense abandonados/as: o seu medio de vida está morrendo e non se lles escoita nin se lle propoñen solucións.

A montaña do oriente ourensán tamén é Galiza, por iso, non son poucos os agricultores que reclaman que a Conselleira de Medio Rural vaia coñecer a zona onde viven, onde traballan, etc. para ver o problema en primeira persoa.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Cando se vai reunir a Conselleira de Medio Rural cos/as afectados/as para escoitar as súas problemáticas?
2. A que porcentaxe de afectados/as beneficiarán os créditos para financiar os intereses?
3. Noutras ocasións, ante situacións así se deron axudas directas aos afectados, por que agora non?

Santiago de Compostela, a 8 de setembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 08/09/2017 14:54:37

Paula Quinteiro Araújo na data 08/09/2017 14:54:47



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:48
Nº Rexistro: 15949
Data envío: 11/09/2017 10:48:20.075

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á participación da Xunta de Galiza no patrocinio de actividades deportivas que discriminan ás mulleres.

A Xunta de Galiza é patrocinadora da segunda edición da competición de descenso urbán *Pulpo Extreme* a celebrar en Ourense na primeira quincena de setembro, que tamén promocionan o Concello de Ourense, coordinador da organización.

Na súa edición do ano 2017 existe unha categoría masculina, despois reconvertida a xeral, e unha feminina con diversos premios. Máis concretamente puidemos observar como o primeiro, segundo e terceiro premio masculino tiñan 1000, 500 e 300 euros respectivamente, o equivalente da categoría feminina 300, 150 e 50 euros, o que constitúe un auténtico agravio.

O decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade recolle entre os principios de actuación desta, entre outras, “a busca e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas e a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias”. Así mesmo, a Lei



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:48
Nº Rexistro: 15949
Data envío: 11/09/2017 10:48:20.075

Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes recolle o deporte como un dos ámbitos no que a ordenación das políticas públicas debe integrar a óptica da igualdade e a perspectiva de xénero.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a existencia deste agravio comparativo entre os premios do Pulpo Extreme é unha discriminación para todas as mulleres e que as administración públicas galegas non poden ser cómplices empregando diñeiro e medios públicos. Independentemente da saída buscada para que a categoría masculina fora reconvertida a xeral, continúa a ser unha discriminación a existencia dunha categoría feminina con premios tan inferiores. A igualdade non se consegue con permitir a participación, senón con que esta sexa en igualdade de condicións. Polo tanto, a Xunta de Galiza debe interceder para que isto non se volva repetir ou retirar o seu patrocinio se así é. Do contrario, estará incumprindo a súa propia lei de igualdade e contradicindo o interese xeral que debe salvagardar calquera uso dos recursos públicos dos galegos e galegas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que medidas tomou ou vai tomar a Xunta de Galiza para non patrocinar eventos deportivos que discriminan ás mulleres?

-Considera o goberno galego que cumpre coa lexislación vixente en materia de fomento da igualdade entre homes e mulleres ao patrocinar eventos que diferencian en ata 700 euros as contías dos premios en función do sexo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:48
Nº Rexistro: 15949
Data envío: 11/09/2017 10:48:20.075

-Que tipo de interlocución tivo o goberno galego con outras administracións e coa organización do evento ao respecto desta situación?

-En que cuestións materiais consistiu o patrocinio da Xunta de Galiza?

-Considera o goberno galego que está xustificada a diferenza das contías?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 10:46:30

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 10:46:35

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 10:46:41



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:48
Nº Rexistro: 15949
Data envío: 11/09/2017 10:48:20.075

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 10:46:44

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 10:46:48

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 10:46:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15961
Data envío: 11/09/2017 12:15:30.345

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

1. A autovía AG 57 é un vial de 22,6 km que comunica o Val Miñor (concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar) con Vigo, o resto de Galiza e Portugal. Na práctica funciona como unha circunvalación dos citados concellos e como unha alternativa para evitar a conxestión e o elevado tráfico na estrada Vigo-Baiona, unha via na que se producen importantes retencións, sobre todo no verán, principalmente na zona da Ramallosa, principal nó de conexión dos tres concellos.

2. A autovía AG 57 é unha vía de peaxe, con unha concesión que remata en 2015, e que xestiona o grupo Itínere. Esta situación supón unha discriminación para as persoas que residen no Val Miñor e as que de desprazan a esta comarca posto que outras zonas do país con características similares (Baixo Miño, O Morrazo, O Barbanza) teñen autovías libres de peaxe.

3. 3. A supresión da peaxe nesta autovía é unha demanda social e institucional que conta con amplo respaldo na comarca, incluíndo o apoio dos plenos dos concellos.

A eliminación da citada peaxe tería importantes repercusións positivas para o Val Miñor

- Mellora da mobilidade xeral na comarca, desconxestionando a estrada Vigo Baiona, e eliminando tráfico de paso polos núcleos urbanos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15961
Data envío: 11/09/2017 12:15:30.345

- Mellora da conectividade e competitividade dos parques empresariais da Pasaxe-Vincios (Gondomar), de Molle (Nigrán) e tamén co parque tecnolóxico loxístico de Valadares (Vigo).

- Conexión directa, rápida e gratuíta co hospital de referencia da comarca, o Álvaro Cunqueiro, e con outros equipamentos administrativos e de servizos.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Comparte a Xunta de Galiza a necesidade de supresión da peaxe na autovía AG 57?

-Ten previsto o goberno galego realizar un estudo sobre a viabilidade e oportunidade do rescate da concesión e supresión da peaxe da AG 57?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15961
Data envío: 11/09/2017 12:15:30.345

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 11:56:48

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 11:56:52

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 11:57:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 11:57:04

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 11:57:05

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 11:57:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 12:13
Nº Rexistro: 16534
Data envío: 14/09/2017 12:13:24.425

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, presentan a seguinte **corrección de erros** nas preguntas con número de rexistro **15959, 15960 e 15961**.

Na exposición de motivos no segundo parágrafo onde di:

“unha concesión que remata en 2015”

Debe dicir:

“unha concesión que remata en 2045”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 12:13
Nº Rexistro: 16534
Data envío: 14/09/2017 12:13:24.425

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2017 12:12:43

María Montserrat Prado Cores na data 14/09/2017 12:12:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/09/2017 12:12:47

Olalla Rodil Fernández na data 14/09/2017 12:12:48

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2017 12:12:50

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2017 12:12:52

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Dende o día 4 de setembro, os examinadores de tráfico están indefinidamente en folga, dereito fundamental recoñecido no artigo 28 da Constitución española.

A situación de desamparo dos examinadores por parte da Dirección Xeral chegou a límites insoportables, e por iso a folga indefinida. Os feitos obxectivos que ocorreron dende o pasado 19 de xuño, cando comezou a folga, foron só dúas reunións mantidas co Comité de Folga, nas que o director xeral amosou a súa incapacidade á hora de xestionar o conflito laboral que ten na súa Dirección Xeral. O curioso é que el mesmo recoñecera que estas reivindicacións eran xustas e ata chegara hai dous anos a un acordo cos examinadores para, entre outras cosas, subirlles o salario mediante un complemento específico, dado que se trata de postos desincentivados e pouco atractivos. Tanto é así que practicamente ningún solicita este destino.

Quizais sexa que na intención da Dirección Xeral de Tráfico se estea a privatizar un servizo que resultaría moi rendible para a CNAE, tendo en conta que as taxas recadadas no ano 2016 ascenderon a 114,4 millóns de euros.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que ten que dicir o Goberno da Xunta de Galicia ante a folga indefinida dos examinadores de tráfico?

2ª) Considera o Goberno galego que as reivindicacións deste colectivo son xustas?

Grupo Parlamentario

3ª) Sabe o Goberno se a intención da Dirección Xeral de Tráfico é a de privatizar o servizo?

4ª) Vai demandar o Goberno galego ao Goberno do Estado que cumpra inmediatamente os compromisos adquiridos en 2015 en relación coas reivindicacións laborais feitas por este colectivo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5ª) Vai demandar o Goberno galego ao Goberno do Estado que restaure inmediatamente o servizo de exames?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/09/2017 12:17:21

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/09/2017 12:17:29

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/09/2017 12:17:38



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:02
Nº Rexistro: 16000
Data envío: 11/09/2017 13:02:00.396

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita, sobre os prazos administrativos que rexen a participación no fondo solidario de libros de texto para o curso 2017/2018.

Desde o ano 2009 a Consellaría de Educación, en mans do Partido Popular, substituíu o sistema de préstamo universal de libros implantado polo goberno bipartito (2005-2009) por un sistema de cheques axuda dunha contía entre 90 e 190 euros.

No ano 2014 estas axudas, inicialmente concibidas para a compra de material escolar, foron restrinxidas á adquisición exclusiva de manuais e en 2015, ano electoral, a Xunta iniciou a progresiva implantación dun plan de préstamo semellante ao que suprimira entre enormes críticas en 2009.

No presente curso, a través da ORDE do 16 de maio de 2017, publicada o 22 dese mesmo mes no DOG, a Consellaría de Educación xeneralizou o préstamo de libros de texto creado co Fondo solidario ao conxunto do ensino obrigatorio, agás os dous primeiros cursos de Primaria, para 2017/2018.

Porén, de acordo cos prazos fixados pola administración as familias non coñecerán até o 15 de setembro (4 días despois de se iniciar o curso académico) a listaxe de libros que lles serán emprastados e, polo tanto, aqueles outros que deberán encargar nas librarías.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:02
Nº Rexistro: 16000
Data envío: 11/09/2017 13:02:00.396

O proceso de tramitación das solicitudes e os actos de xestión das mesmas é, de acordo coa Orde do 16 de maio de 2017, unha tarefa que corresponde ás direccións dos centros de ensino mais que desenvolven a través dunha aplicación informática fornecida pola Xunta de Galiza que determina, en función da renda familiar, o número de libros que corresponden a cada solicitante.

Os prazos previstos, denuncian as familias, poden demorar a adquisición do conxunto do material didáctico até o mes de outubro causando prexuízo ao estudantado que non conte con el durante as primeiras semanas lectivas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes respostas para a súa resposta escrita:

- Como valora o Goberno galego os prazos fixados para a tramitación e resolución das solicitudes correspondentes ao Fondo solidario de libros de texto para 2017/2018?
- Por que razón a listaxe de libros que se emprestan ás familias solicitantes non se comunica até despois de comezar o curso académico?
- Pensa a Xunta de Galiza que o feito de seren os centros educativos os que deban xestionar as solicitudes inflúe na demora ao supor unha carga de traballo para as equipas directivas que vai alén das funcións que lles corresponden?
- Cóstanlle á Consellaría de Educación queixas pola data en que se resolven as solicitudes?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa adoptar o Goberno galego algunha medida para permitir que o estudantado conte con todo o material didáctico ao inicio das aulas o vindeiro curso académico 2018/2019?

- Despois de afondar no curso 2017/2018 nun sistema semellante ao suprimido en 2009 entre enormes críticas, pensa a Xunta de Galiza restituír o préstamo de libros universal como reclaman as ANPAs?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 13:00:55

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 13:00:59



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:02
Nº Rexistro: 16000

Data envío: 11/09/2017 13:02:00.396

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 13:01:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 13:01:02

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 13:01:04

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 13:01:05

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No ano 2010, o Concello do Porriño asinou un acordo coa Xunta de Galicia, no que puxo a disposición da mesma unha parcela cunha superficie de 525 metros cadrados para ampliar o Centro de Saúde.

A ampliación do Centro de Saúde do Porriño é unha demanda que leva unha década sen ser atendida por parte da Xunta de Galicia, pese a tratarse dun Centro de Saúde que sigue incrementando o número de pacientes aos que ten que atender, chegando a ser máis de 40.000 usuarios potenciais os que poderían ter que acudir ao Centro, que ademais conta con Punto de Atención Continuada de tres da tarde a oito da mañá, horario no que tamén atende a concellos da contorna como poden ser Mos ou Salceda de Caselas.

Ademais da ampliación do Centro, as veciñas e veciños do concello de Porriño reivindicán tamén que de xeito simultáneo, se dote o mesmo dos medios técnicos e humanos suficientes para facer fronte á actual demanda.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- **Cando ten pensado a Xunta de Galicia realizar as obras comprometidas para a ampliación do Centro de Saúde do Porriño?**
- **Vai a incluír nos vindeiros orzamentos unha partida suficiente para poder levar a cabo as obras?**



- Que explicación ten a Xunta de Galicia para non ter acometido xa ditas obras?
- Considera normal a situación de saturación que existe no Centro de Saúde do Porriño por falta da súa ampliación e dotación dos medios técnicos e humanos necesarios?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 13:44:32



A MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

As deficiencias na atención primaria en Galicia non son unha novidade. Igualmente, o incumprimento por parte do Goberno sobre a construción de novos centros de saúde, tampouco supón ningún novidade.

Neste contexto, atopámonos con vilas que teñen importantes necesidades sanitarias desatendidas. Unha delas é Salceda, que conta cun centro de saúde vello, falta de espazo e con múltiples barreiras arquitectónicas.

A veciñanza, cansa deste situación, tense manifestado reclamando a construción dun novo centro de saúde e o concello ten asinado xa o convenio coa Xunta e aprobado en pleno dende fai seis anos a cesión dos terreos.

Con todo, a Xunta de Galicia segue a poñer trabas para a construción do centro de saúde, polo que as veciñas e veciños de Salceda, deben soportar unhas instalacións sen acceso para carriños, cadeiras de rodas ou persoas con mobilidade reducida, falta de ventilación, instalacións deterioradas...etc.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

1.^a) Cando pensa a Xunta de Galicia cumprir cos compromisos acadados e dotar unha partida de orzamentos suficiente para poder levar a cabo a construción do Centro de Saúde de Salceda?



2.ª) Cal é a explicación para levar tanto retraso no cumprimento deses compromisos?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 16:47:02

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Co abandono por parte do Partido Popular do Plan de Mellora da Atención Primaria, a maioría dos centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Con todo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns deles.

No caso de Centro de Saúde de O Hío, no Concello de Cangas, o Goberno municipal mercou e puxo a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios en O Viso para a súa construción, cun investimento público de 400.000 euros. O proxecto chegou a aparecer nunha partida dos orzamentos de 2012, desaparecendo nos anos seguintes sen que se tivese levado a cabo o prometido.

A día de hoxe, o centro de saúde continúa sen construírse, poñendo en dúbida o compromiso do Goberno coa saúde das veciñas e veciños do Morrazo, ademais de malgastar os recursos públicos coa compra duns terreos que continúan paralizados e co gasto do acondicionamento das instalación actuais.

Por todos estes feitos, e dado o próximo debate orzamentario, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- Cal é o motivo para non ter orzamentado e levado a cabo este proxecto a pesares da cesión dos terreos e a necesidade da infraestrutura?



- Vai o Goberno a orzamentar e executar, para estes vindeiros orzamentos, o proxecto e obra do novo Centro de saúde de Aldán- O Hío?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 19:15:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

En cumprimento dos acordos do Pacto Local de 2006 para a cesión ao executivo da titularidade dos centros de saúde que se atopan en mans dos concellos, o concello de Mugardos levaba xa dende o ano 2013 cos todos os trámites de Xestión para a cesión realizados.

Con todo, non foi ata este ano e despois de moitos requirimentos tanto por parte do goberno municipal como por parte desta deputada a través de iniciativas presentadas tanto nesta como na anterior lexislatura, que o executivo galego asumiu a titularidade do centro de saúde.

Dito centro, amosa unhas deficiencias estruturais e materiais no edificio que precisan ser arranxadas con urxencia e que necesitan de partidas orzamentarias por parte da Xunta para levarse a cabo.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- **Vai destinar a Xunta de Galicia unha partida orzamentaria suficiente para arranxar as deficiencias do Centro de saúde de Mugardos?**

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 19:10:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita**, sobre **o desenvolvemento do Plan de Acollida de Persoas Refuxiadas da Xunta de Galicia**.

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Cinco millóns de persoas refuxiadas que non atoparon asilo nesa Unión Europea que se dicía bandeira dos dereitos humanos e que máis que conseguiu foi un acordo de reasentamento que naceu, hai case dous anos, abocado ao fracaso ante o falta real de vontade e compromiso político.

Dito acordo supoñía que o Estado Español acollería a 17.337 persoas. Apenas dez días antes de que expire o prazo fixado pola propia UE para o 26 de setembro atopámonos cun fracaso total e absoluto. Toda vez que apenas se cumpriu co 6% dos compromisos de recolocación.



Do mesmo xeito a lexislatura pasada viu a aprobación de diversas iniciativas parlamentarias a prol da acollida das persoas refuxiadas así como o anuncio por parte do goberno dun Plan de acollida para persoas refuxiadas do que apenas temos información.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Cantas persoas foron acollidas en Galicia baixo o amparo directo do Plan de Acollida para Persoas Refuxiadas posto en marcha pola Xunta de Galicia?
2. Considera o Goberno galego ter feito un esforzo suficiente para a acollida das persoas refuxiadas?
3. Cal é a valoración que realiza a Xunta de Galicia da posta en marcha de dito Plan?
4. Cal foi o orzamento real destinado á aplicación do Plan de Acollida?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2017 13:20:32

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre os danos causados polas obras do AVE na estrada OU-114, sita no Concello de Castrelo do Val.

Os veciños e veciñas do concello ourensán de Castrelo do Val, víronse obrigados a manifestar o seu malestar públicamente pola pasividade de ADIF á hora de abordar ás desfeitas causadas polas obras de construción do AVE ao seu paso pola zona.

Dende fai uns anos, as obras xeraron un problema grave de seguridade ao causar enormes fochancas no firme de dita estrada.

A estrada afectada é de uso cotiá para trasladarse polo municipio, así como para desprazarse aos servizos da capitalidade comarcal (Verín) ou provincial (Ourense). Dende que a estrada comezou a estragarse, as veciñas e veciños afectados non só se enfrontan a un problema de tempo nos desprazamentos, senón que se atopan con un problema de seguridade viaria moi grave, así como un elevado custe económico en reparacións de vehículos estragados polo mal estado de conservación da estrada.

Esta situación pódese trasladar tamén aos ramais OU-111 e OU-113, estradas que tamén se atopan nun lamentable estado de conservación.



ADIF, adxudicou a finais do ano 2016 a reparación de varias estradas autonómicas e provinciais danadas polas obras do AVE, sen que a día de hoxe se teña coñecemento de nada o que atinxe á súa reparación.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas:

1. Cal é o motivo polo que ADIF aínda non levou a cabo a reparación da estrada OU-114 no concellos de Castrelo do Val (Ourense) estragado polas obras de construción do AVE?
2. É consciente a Xunta de Galicia dos perigos no que se atopa a estrada que é vital para o desprazamento das veciñas e veciños da localidade?
3. De ser afirmativa a anterior pregunta, que ten falado a Xunta de Galicia co Ministerio de Fomento sobre o problema?

Santiago de Compostela a 11 de setembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 12/09/2017 14:27:13

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No diario *El Progreso* do día 9 de setembro de 2017 aparece unha nova relativa aos investimentos realizados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Lugo na que se destacan os seguintes titulares:

1.- La Xunta realizó obras en 65 colegios lucenses por valor de dos millones de euros.

2.- Las rehabilitaciones integrales de los CEIP Lagostelle de Guitiriz y Virxe do Monte de Cospeito se llevaron casi la mitad del presupuesto.

No caso do CPI Virxe do Monte (Cospeito) o investimento realizado foi de 422.567 €. Non obstante, algunhas fontes sinalan que as obras proxectadas neste centro non están rematadas.

Coa finalidade de coñecer a situación real das obras ás que se fai referencia, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal era a situación das obras no CPI Virxe do Monte de Cospeito o día 9 de setembro de 2017?

2ª) Se as obras non estaban rematadas, cal era o seu grao de execución?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 12/09/2017 14:04:15

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/09/2017 14:04:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16125
Data envío: 12/09/2017 17:21:57.566

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ao desenvolvemento do Proxecto Integrador da estación Intermodal de Ourense (Estación de ferrocarril e conexións de permeabilidade transversal, en relación co expediente 2017014169) e as actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galiza.

Dentro da longa historia da cidade de Ourense coas débedas pendentes para coa modernización do ferrocarril e a adaptación das instalacións da cidade, o proxecto do que deberá ser a futura estación integrada para o transporte de ferrocarril ten sido un dos maiores protagonistas. Xa na altura de outubro de 2009 o Bloque Nacionalista Galego presentou alegacións ao estudo informativo sobre a “Integración urbana e acondicionamento da rede ferroviaria de Ourense”, na que expuña diversas consideracións sobre os piares que debiera guiar esa ou calquera outra planificación.

Entre as liñas mestras para o desenvolvemento do proxecto salientaba a consideración de que a traza definitiva da rede de Alta Velocidade debería ser extremadamente cautelosa coa trama urbana na que se pretende integrar, así como respectuosa co valor ambiental, paisaxístico e patrimonial existente, toda vez que o impacto destas obras públicas de gran magnitude son practicamente imperecedoiros. Así mesmo, insistíase en que o histórico barrio da Ponte, onde está actualmente a Estación Ourense-Empalme, que sería transformada na nova terminal, padecera unha segregación



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16125
Data envío: 12/09/2017 17:21:57.566

territorial ocasionada por esta infraestrutura, debido a amplitude das praias de vías e instalación de carga, descarga e operacións de viaxeiros e mercadorías. Polo tanto, a nova estación debера converterse en terminal intermodal, coa parte de acceso ás plataformas baixo superficie e co soterramento das vías nesta zona.

En congruencia co exposto, na altura foi solicitado a través de diversas alegacións e institucións o deseño dunha traza definitiva que minimizase o impacto ambiental, paisaxístico e sobre o patrimonio existente, e se adoptasen as medidas correctoras necesarias para evitar esta afección tanto durante o proceso de construción como posterior, buscando os lugares de menor incidencia e previndo a dotación de medidas complementarias necesarias (pantallas visuais e acústicas, restauración de acuíferos, accesos públicos e privados, etc). Tamén, que o novo viaduto que se construíse non fora unicamente un elemento funcional, senón que, formando parte da trama e paisaxe urbana, se integrara nesta constituíndo un elemento singular. Insistíase, ademais, na necesidade de que a nova terminal fora soterrada e se eliminara definitivamente o illamento e segregación que tivo que padecer o Barrio da Ponte nestes últimos decenios.

Porén, máis adiante no tempo, xa no 2011, despois da presentación do que ía ser a futura estación do AVE puido constarse a inexistencia dun proxecto que dera saída a estas consideracións. De forma especial, o proxecto continuaba sen dar unha alternativa para o principal problema: a histórica división dos barrios da Ponte e do Vinteún, e polo tanto a permeabilidade. Desde o BNG insistimos que a mellor opción posíbel era o soterramento total das vías e a procura de solución técnicas que melloraran a comunicación entre a parte norte e sur da cidade. Lamentabelmente, despois de anos de atrasos e incumprimentos coa cidade, en xuño de 2017 puido coñecerse unha nova proposta que tampouco supuña un avance cualitativo das necesidades existentes, diante da que o Bloque Nacionalista Galego alegou, do mesmo xeito que outras organizacións



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16125
Data envío: 12/09/2017 17:21:57.566

políticas e mesmo o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). Porén, nin unha soa das múltiples alegacións dos diferentes axentes mereceron o diálogo ou a atención do Partido Popular.

A xuízo do Bloque Nacionalista Galego tratouse dun proceso de inicio errado, caracterizado por unha falta de transparencia e audiencia pública suficiente para información e posíbeis alegacións da veciñanza. Malia tratarse dun proxecto moi importante para a cidade de Ourense e o barrio da Ponte do que a veciñanza leva anos oíndo falar de prazos e proxectos, sumado a unha profunda confusión arredor da ordenación urbanística da cidade e da chegada ou non do tren de alta velocidade e á inseguridade xurídica das modificacións urbanísticas da capital ourensá. Cómpre recordar o recurso á Lei 3/2016 do 1 de marzo de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese que establece o prazo fornecido de 20 días hábiles. Porén, malia a complexidade do proxecto e do contexto no que se notifica a exposición pública, non houbo un esforzo por parte das institucións implicadas por levar a cabo unha socialización e difusión suficiente da información e do proceso aberto de cara a que a cidadanía e colectivos interesados ou afectados puideran coñecer o seu contido e presentar alegacións. Así mesmo, tampouco houbo ningún tipo de explicación pública dos contidos con apoio técnico para garantir o dereito á información das persoas e colectivos implicados. Por outra banda, o horario de consulta física do expediente foi reducido.

Outro elemento de capital importancia e ignorado polas administracións implicadas é a afectación ao centro de saúde da Ponte, convertido nunha especie de rotonda e renunciando pola vía dos feitos a futuras ampliacións, melloras dos accesos ou a habilitar espazos para deixar as persoas doentes nunha zona de moito tráfico. Así mesmo, sinalouse a falta de garantía de custodia do patrimonio cultural diante do



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16125
Data envío: 12/09/2017 17:21:57.566

proxecto de aparcadoiro subterráneo. Tampouco resolve, como xa se dixo, a desconexión entre A Ponte e o Vinteún.

Cómpre engadir tamén que se trata dun proxecto illado das necesidades do barrio, especialmente no referido a desconxestión do tráfico e prazas de aparcadoiro para a veciñanza e persoas viaxeiras. O desenvolvemento da intermodal debe supoñer unha oportunidade e non un obstáculo para resolver as necesidades do barrio e a necesidade de acollida a un volume importante de automóviles de persoas que desexan facer uso tanto do servizo de bus como de tren e que se desprazan de poboacións achegadas desde as que non é posíbel trasladarse en transporte público pois a falta de transporte metropolitano e de conexión entre as vilas da provincia é unha carencia importante da zona. Neste sentido, entre outras carencias, o proxecto tampouco facilita garantías sobre a minoración do impacto acústico para veciñanza e medio ambiente, nin durante as obras nin con posterioridade; ao que cómpre engadir a ausencia de criterios e planificación sustentábel e de rexeneración ambiental.

Por todo o anterior fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir que o proxecto de intermodal do que fai parte actuante non resolva as necesidades de mobilidade da cidade de Ourense?

-Considera o goberno galego que o proxecto resolve a falta de conexión entre o barrio da Ponte e o Vinteún?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16125
Data envío: 12/09/2017 17:21:57.566

-Considera o goberno galego axeitado o tratamento que recibirá o centro de saúde? Como vai resolver a afectación canto a seguridade e impacto sonoro?

-Considera o goberno galego que os axentes implicados levaron a cabo as actuacións precisas para garantir a transparencia, participación e información sobre o proceso?

-Considera o goberno galego que está garantida a preservación do patrimonio histórico?

-Considera o goberno galego que está estudado e avaliado o impacto no tráfico rodado da cidade e das súas conexións centro e norte?

-Está a Xunta de Galiza en condicións de garantir a máxima participación da xestión pública?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16125
Data envío: 12/09/2017 17:21:57.566

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2017 17:18:53

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2017 17:18:57

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2017 17:18:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2017 17:19:00

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2017 17:19:02

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2017 17:19:03

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Dentro do Plan de transporte público de Galicia, foi adxudicado o proxecto XG533 - A Mariña (entre Ribadeo e Viveiro) á UTE Autos Morán, S.L., Autocares Rodríguez Domínguez, S.L.

O día 18 de agosto de 2017 a empresa Arriva, anterior concesionaria da liña, emitía un comunicado no que indicaba que para o traspaso da liña de autobús que anteriormente operaba na Mariña se debía producir a subrogación de 15 traballadores da empresa que daban servizo nesta liña, ante a problemática detectada con eses traballadores con respecto á nova adxudicataria.

O día 24 de agosto de 2017 houbo unha reunión da Comisión de Seguimento do Plan de transporte público de Galicia, na que se lle solicitou documentación complementaria ás empresas nas que se detectaron problemas coa subrogación dos traballadores para establecer se procedía o inicio da resolución dos contratos.

O día 31 de agosto de 2017, nunha nova reunión da Comisión de Seguimento da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, e ante o incumprimento da nova adxudicataria da subrogación dos traballadores, acordouse iniciar o procedemento para a resolución da adxudicación coa finalidade de volvelo adxudicar.

O certo é que, aínda que a Xunta de Galicia ten actuado conforme ao establecido na normativa de aplicación, a situación dos traballadores non parece que se vaia resolver dun xeito xusto e nun prazo breve.

A normativa de contratación pública permite que a nova adxudicataria formule as alegacións que considere procedentes o que dilatará o tempo de resolución de



Grupo Parlamentario

modo que subrogue, e polo tanto, contrate aos traballadores afectados de xeito inmediato; é aquí onde a iniciativa política toma a máxima relevancia ao ser o Goberno da Xunta de Galicia un interlocutor que ocupa un lugar privilexiado fronte á unión temporal de empresas adxudicatarias.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante a situación exposta os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que actuacións pensa levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver, de xeito inmediato, a situación dos 15 traballadores que, procedentes da empresa Arriva, deberían ter sido subrogados pola UTE Autos Morán, S.L., Autocares Rodríguez Domínguez, S.L.?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 12/09/2017 17:22:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2017 17:23:04

Raúl Fernández Fernández na data 12/09/2017 17:23:13

María Luisa Pierres López na data 12/09/2017 17:23:23

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A falta de transparencia da Consellería de Sanidade en relación ás listas de espera do SERGAS supón unha situación habitual dende sempre. A negativa do Goberno a dar a coñecer o número de persoas existentes nas listas non estruturais, pon en evidencia o intento por agochar unha realidade consecuencia das políticas de recortes e privatizacións nos servizos públicos.

O incremento de persoas nas listas de espera, vai inevitablemente ligado a un aumento de traslados a centros concertados/privados, derivando o orzamento público cara as empresas sanitarias do ámbito privado. Esta práctica provoca, que aquelas persoas que queren ser operadas nun hospital público, pasen a formar parte das listas non estruturais e polo tanto a perder o lugar que ocupaban nas listas estruturais no momento en que denegan ofrecemento de operarse na privada.

Ademais, é necesario engadir a continuidade das nefastas políticas de persoal da Consellería de Sanidade, que non dan cobertura aos permisos de vacacións ou baixas de gran parte do persoal, así como a falta de ofertas públicas de emprego, en detrimento do servizo sanitario público.

A situación descrita beneficia á sanidade privada, que este verán, a través da fundación IDIS que agrupa centros sanitarios privados, propoñían á Xunta de Galicia por medio da colaboración público-privada un plan de choque de listas



cero para 2018 e valorado en 88 millóns de euros que se desviarían de fondos públicos, descapitalizando o SERGAS en beneficio da sanidade privada.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Cando pensa o Goberno facer públicas as listas de espera non estruturais?
- 2.^a) Cando pensa o Goberno cumprir o artigo 9 do Regulamento desta Cámara e dar a coñecer a deputadas e deputados que así o soliciten as listas de espera non estruturais?
- 3.^a) Cal vai a ser a política do Goberno para reducilas?
- 4.^a) Ten pensado o Goberno seguir dándolle negocio á sanidade privada mentres efectúa recortes na pública?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/09/2017 17:58:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa ao calendario de adxudicación de prazos.

O inicio do curso 2017-2018 comeza como rematou o anterior, con recortes no ensino público e o conseguinte menoscabo do dereito universal á educación. Tamén con síntomas claros da falta de planificación e mala xestión por parte da consellería que este ano vén de superarse estirando ao máximo o prazo para a adxudicación de prazos.

Así, 4446 docentes de secundaria e FP coñeceron os seus destinos apenas unha semana antes de que comezaran as aulas e cando os primeiros claustros de profesorado xa se celebraron. Un prazo claramente insuficiente para a correcta planificación e preparación do curso escolar, tanto por parte das persoas directamente afectadas que deben planificar a súa vida e o seu traballo, como dos propios centros que comezan o curso sen todo o seu profesorado incorporado.

Ante esta situación, o grupo parlamentar de **En Marea** presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Considera adecuado o Goberno galego que o profesorado de secundaria coñeza os seus destinos con só unha semana de antelación?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.



Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Boveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2017 19:29:36

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2017 19:29:45

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, relativa aos recortes educativos no presente curso 2017/2018

Lamentablemente o inicio do curso 2017/2018 faise como rematou o previo, co desmantelamento por parte do Goberno galego da rede de centros públicos de Galicia, situando ás vilas e pobos do rural galego nunha situación de verdadeira alerta educativa.

Así, o remate do curso previo veu protagonizado pola decisión unilateral da Consellería de Educación para eliminar arbitrariamente ensinanzas en varias zonas de Galicia sen informar previamente aos membros da comunidade educativa. Deste xeito decretouse a:

- Supresión da etapa secundaria obrigatoria no CPI Monte Caxado de As Pontes, provocando a eliminación deste centro e a reubicación do alumnado e do profesorado do CPI Monte Caxado nas instalacións do CEIP A Madalena
- Supresión da etapa secundaria obrigatoria no CPI Tomás de Lemos de Ribadavia coa reubicación do alumnado e do profesorado do centro no IES.
- Supresión da etapa secundaria obrigatoria no CPI A Ribeira (O Porriño) coa reubicación do alumnado e do profesorado do centro no IES.
- Peche do CEIP Emillio Navasqües na Serra de Outes.

Unhas decisións que provocaron un enorme malestar e contestación nas diferentes comunidades educativas que evidencian, unha vez máis, o desprezo do goberno do Partido Popular cara o diálogo coa comunidade educativa. E desprezo claro aos dereitos laborais do profesorado, que se reduce en 28 prazas e que viu como lle furtaban o seu dereito a participar no Concurso de Traslados.



Ao mesmo tempo temos que lamentar o peche de nove escolas unitarias. As afectadas polo desmantelamento do ensino rural este ano foron: a do **Monte da Vila (O Grove)**, a EEI de **Xil-Meaño**, a EEI de **Portosanto (Poio)**, a EEI de *Tremoedo (Vilanova de Arousa)*, a do Salteiro (en Boiro), a Revoltiña (A Laracha), a Rúa (Padrón), a Seira (Rois), e o CEIP Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, de Xunqueira de Espadañedo.

Peches e tamén perda de unidades e postos docentes. Tal e como podemos ver no catálogo de Educación Infantil e Primaria este curso teremos 38 unidades pechadas de Educación infantil e 34 de primaria. Coas creadas teríamos 27 unidades de infantil e 15 de primaria menos. Isto supón 28 profesores de infantil e 19 de primaria suprimidos; en total 47 docentes do corpo de mestres.

No que respecta á primaria atopámonos con 173 postos suprimidos/desprazados (22 máis que o curso anterior). Ao par que aumentan interinos, 8 máis ca o ano pasado, así como itinerantes, 63 máis que o curso pasado e 277 con afíns, 58 afíns e itinerantes que supoñen un 27% das prazas adxudicadas.

No que atinxe aos datos de Secundaria atopamos 5 prazas suprimidas e 47 deprazados, así como 762 persoas en situación de interinidade e 1774 substitucións. Deste xeito, as itinerancias e afíns supoñen un 29% das prazas adxudicadas.

Sen embargo, ao mesmo tempo as unidades concertadas aumentan. Peñaredonda, Montespiño e Montecastelo aumentan 1 unidade de EP cada un deles. En FP, conceden unidades concertadas a centros que segregan e non llas conceden a centros públicos de FP que as solicitan. Así, concértanse en FP 18 ciclos de grao medio, 15 ciclos de grao superior e 19 de FP Básica a maiores dos xa existentes.

Cifras que deixan un triste balanço do Goberno de Alberto Núñez Feijóo no que respecta ao ensino galego, que suma récores no que atinxe a aulas, escolas e profesorado eliminado, récores que empobrecendo o sistema educativo galego, especialmente intenso no que atinxe ao medio rural.



Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- É consciente o Goberno galego das consecuencias que ten para o noso sistema educativo o peche de aulas e escolas levado a cabo durante os últimos anos en Galicia?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2017 19:24:04

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2017 19:24:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta escrita, relativa ao profesorado con materias afíns.

O inicio do curso 2017-2018 comeza como rematou o anterior, con recortes no ensino público e o conseguinte menoscabo do dereito universal á educación. Menos recursos que teñen un impacto directo na calidade da educación e se deixan sentir en numerosos eidos como o do propio profesorado que se reduciu, no noso país, en 1200 profesionais dende o inicio da crise financeira.

As consecuencias son claras, menos profesorado, maior porcentaxe de interinidade e, agora, máis profesorado que se ve obrigado a impartir materias que non son da súa especialidade.

Dunha banda, a taxa de interinidade pasou de algo menos do cinco por cento en 2009 ao 16% no presente curso. Menos emprego público, peor pagado e de peor calidade.

Por outra banda, tamén aumenta o profesorado de materias chamadas afíns. Deste xeito, no curso que comeza, máis de **1.400 docentes impartirán asignaturas que non son da súa especialidade (máis do 28% do persoal con destino provisional e cunha suba do 6% ao respecto do ano pasado)** e máis de 450 traballarán en máis dunha escola. Mesmo hai máis de 60 persoas nas que **conflúen ambas situacións**: varias asignaturas en varios colexios. Esta situación supón un paso máis no empeoramento das condicións de traballo do profesorado e, ao mesmo tempo, unha diminución clara na calidade do ensino público.

Ante esta situación, o grupo parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:



1.^a) Considera adecuado o Goberno galego ampliar o profesorado con materias afíns?

2.^a) Considera o Goberno galego calidade educativa que teñamos casos de profesorado especialista en lingua e literatura española que imparta tecnoloxía?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/09/2017 11:22:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/09/2017 11:22:19

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os centros de día son recursos sociais intermedios dirixidos a atender as necesidades específicas das persoas maiores. As persoas que acoden a este servizo non cambian de domicilio, senón que seguen residindo na súa casa e desprázanse ata estes centros durante o día, sendo así que cumpren unha importante función de apoio ás familias.

Galicia, cun índice de envellecemento de 188, é a segunda comunidade máis envellecida de España (só por detrás de Asturias), unha taxa que a coloca 74 puntos por encima da media nacional e que supón un incremento do 141 % respecto da rexistrada hai catro décadas. Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida, non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Porque unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva.

En decembro de 2008, o Consello da Xunta aprobaba o Decreto polo que creaba unha vivenda tutelada para a atención de persoas con discapacidade no Concello de Ponte Caldelas, na provincia de Pontevedra. A radicación ía ser na Casa da Quintán, un chalé indiano cunha parcela de 1.467 metros cadrados e cun investimento de 407.803 euros. Pasados 9 anos e despois de que a asociación renunciase, a casa segue a estar pechada e con evidentes sinais de deterioro.

Cun alcalde socialista, o pleno municipal aprobou o pasado ano, por unanimidade, demandar á Xunta de Galicia a súa apertura como Centro de Día para maiores. Pero nada se sabe.

Grupo Parlamentario

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Comparte o Goberno da Xunta de Galicia que unha poboación maior ben atendida e cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades constrúe unha sociedade máis solidaria e inclusiva?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Comparte o Goberno que a apertura de centros de día é manifestación desta clase de política?

3ª) Apoia o Goberno ao seu grupo municipal en Ponte Caldelas (Pontevedra), que votou a favor da iniciativa do alcalde de demandar á Xunta de Galicia a apertura da Casa da Quintán como centro de día para maiores ou para calquera outro fin social?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2017 13:15:40

Noela Blanco Rodríguez na data 13/09/2017 13:15:47

Julio Torrado Quintela na data 13/09/2017 13:15:56

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No ano 2014, a Xunta de Galicia pechaba o proceso de adxudicación do solo industrial na Reigosa (Ponte Caldelas), pero sen vender unha soa parcela. O Instituto Galego de Vivenda e Solo declaraba así deserto o concurso para promocionar 60 solares na Central de Transportes, cunha superficie total de máis de 86.000 m² inaugurados en 2005, cunha urbanización que costara uns 3,5 millóns de euros e que fora pensada como 5 grandes parcelas para acoller naves loxísticas.

O proxecto tiña o obxectivo de dinamizar a actividade do transporte para converter a central na base de moitas empresas da provincia e nunha zona moi industrializada, cos polígonos do Campiño e A Reigosa no mesmo emprazamento.

Dende a súa inauguración, foise reparcelando en máis de medio cento de pequenas parcelas para almacéns individuais, ademais de ir rebaixando o prezo das parcelas. Hoxe, non hai nin unha soa parcela vendida.

E o Concello de Ponte Caldelas non pode dar licenzas porque a Xunta de Galicia (que é a titular exclusiva do terreo) non adaptou a normativa para aliñar fachadas, fondos edificables, muros de peche e outros. Polo tanto, *“una pescadilla que se muerde la cola”*.

Polo que as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) En que estado se atopa o proceso de concurso para promocionar solares na Central de Transportes de Ponte Caldelas (Pontevedra)?

Grupo Parlamentario

2ª) Ten o Goberno da Xunta de Galicia algunha estratexia definida con claridade e cun horizonte temporal razoable para dinamizar a actividade do transporte na comarca de Ponte Caldelas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Cando vai adaptar o Goberno galego a normativa para aliñar fachadas, fondos edificables ou muros de peche para que o Concello poida dar licenzas?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2017 13:46:12

Raúl Fernández Fernández na data 13/09/2017 13:46:20

María Luisa Pierres López na data 13/09/2017 13:46:29

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e Maria Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A estrada PO-234 une o Concello de Ponte Caldelas e o novo Concello de Cerdedo-Cotobade e pasa polo pobo de Laxoso. Ten unha lonxitude total de 7 quilómetros, conta cun trazado cheo de curvas moi cerradas e carrís de 2 metros sen beiravía. Por esta estrada pasan diariamente, ademais de coches, numerosos camións e o autobús escolar, vehículos que, polo seu volume, vense obrigados a invadir o carril contrario, provocando sustos e ata algún accidente e poñendo entón en perigo a integridade dos veciños e veciñas que circulan por ela e que reiteradamente teñen reclamado a mellora desta estrada.

No proxecto de reforma desta estrada habería que contemplar o arranxo das curvas do trazado (que son moitas, estreitas e cegas), unha ampliación da calzada de ata 7 metros e unha senda peonil nun lateral no pobo de Laxoso. Á execución deste proxecto comprometéronse nas sucesivas eleccións o exalcalde de Cotobade e o exalcalde de Ponte Caldelas (os dous do PP) e así, na última campaña autonómica, o Goberno anunciou que só faría a obra por Cerdedo-Cotobade, esixindo a cesión de todos os terreos afectados (99 parcelas en total). Ante a dificultade de identificación das parcelas, o Concello de Ponte Caldelas propuxo un convenio polo que el mesmo se encargaría das expropiacións e o Goberno aceptouno de principio. Mais nada se sabe dende entón, aínda que xa se publicou o inicio do expediente expropiatorio para 74 parcelas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia do perigo constante da estrada PO-234, entre os concellos de Ponte Caldelas e Cerdedo-Cotobade?

2ª) Entende o Goberno que os accesos son fundamentais para evitar o despoboamento do rural?



Grupo Parlamentario

3ª) Entende o Goberno que os accesos son unha forma de potenciar o crecemento do rural?

4ª) Vai aceptar o Goberno a proposta de convenio do Concello de Ponte Caldelas, se for o caso, cando?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2017 16:25:04

Raúl Fernández Fernández na data 13/09/2017 16:25:11

María Luisa Pierres López na data 13/09/2017 16:25:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:54
Nº Rexistro: 16408
Data envío: 13/09/2017 16:54:58.079

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

No mes de xuño detectouse un caso de tuberculose no IES de Cacheiras (Teo). As aulas remataron o 23 de xuño e a información sobre o diagnóstico da persoa afectada foi coñecida o 20 de xuño. Así e todo, non é até finais de xuño cando se fai a proba da tuberculina aos compañeiros e compañeiras da aula da persoa afectada. O 3 de xullo coñécense os resultados das analíticas e confírmase que hai 5 alumnos, 7 profesores e conserxe con reacción, e inmediatamente mándanos a facer analíticas. Diante disto comezan a chamar ao alumnado doutros cursos para facer a proba por precaución.

O 11 e 12 de xullo fanse probas de tuberculina no centro ao alumnado de 3º e 4º de ESO, e a semana seguinte prevese facer as probas a 2º de ESO e 1º de Bacharelato A. Así mesmo, o centro reconece que: *“Agora dada a magnitude da proba xa estamos colaborando nós para facer os avisos e axilizar. Intentaremos citar para as probas de luns e martes entre hoxe e mañá. Empezamos xa as dúas aproximadamente a chamar e pensamos ter rematado mañá.”* O resultado destas probas foi que xa había naquel momento 3 alumn@s infectad@s.

Na semana do 20 de xullo o centro colabora co Hospital Clínico, que reconece non ter persoal suficiente para chamar e facer probas a máis de 800 persoas, chamando ao alumnado segundo o ritmo marcado pola Consellería. É nese momento cando se sabe que van chamar á xente de 2º de Bacharelato e 1º de ESO.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:54
Nº Rexistro: 16408
Data envío: 13/09/2017 16:54:58.079

Finalmente, realizóuselle a proba a todo o alumnado ao longo de dous meses, así como aos e ás integrantes da Banda de Música de Teo, e suponse que a máis persoas en tanto que o 11 de setembro o presidente da ANPA informaba aos membros da directiva da Asociación que: *“Tema tuberculose: o venres informou a coordinadora da unidade do hospital. Hai 9 enferm@s. Tamén uns 50/60 alumn@s e uns 20 profesores que deron positivo (e que están a tratamento). Fíxolle a proba a unhas 900 persoas. Vai haber unha nova proba para todos os que deron negativo a partir destes días. Xa irán citando.”*

A magnitude do problema queda claramente de manifesto cando a Unidade da Tuberculose do CHUS confirma á ANPA que estaban diante do brote máis grande nun centro de ensino desde o ano 2000.

O preocupante para os pais e as nais, e para a comunidade educativa en xeral, é que, cando comeza o novo curso, non dispoñen de información sobre a situación actual. E ademais denuncian a tardanza no chamamento para realizar as probas, tendo en conta ademais a problemática que puido xurdir en tanto que se fixeron cando xa rematara o curso escolar e os alumnos e alumnas estaban no período vacacional.

Diante da magnitude do brote de tuberculose nun centro de ensino e da lóxica alarma social xerada e alimentada pola ausencia de información, e nomeadamente da xestión realizada por parte da Consellería de Sanidade, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cal é o protocolo a activar por parte do Sergas diante dun brote de tuberculose?

-Tense activado en tempo e forma no caso do brote detectado no IES de Cacheiras en Teo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:54
Nº Rexistro: 16408
Data envío: 13/09/2017 16:54:58.079

-Cal foi a razón pola que se demorou tanto no tempo a realización das probas da tuberculina á comunidade educativa así como á poboación de risco por ter contacto coa mesma?

- Que actuacións, e en que datas, teñen realizado para informar á comunidade educativa e ás familias?

- En caso de non ter realizado ningunha, teñen pensado realizar algunha?, en que data?

- Está o Sergas poñendo todos os recursos materiais e humanos precisos para controlar a magnitude do brote máis grande de tuberculose nun centro de ensino desde o ano 2000?

-Pensa a Consellería de Sanidade seguir mantendo a situación actual da Unidade de Tuberculose do CHUS sen os recursos necesarios para atender casos como o do IES de Cacheiras?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:54
Nº Rexistro: 16408
Data envío: 13/09/2017 16:54:58.079

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2017 16:49:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2017 16:49:37

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2017 16:49:41

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2017 16:49:45

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2017 16:50:32

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2017 16:50:34



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16420
Data envío: 13/09/2017 17:43:58.694

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á valoración do Goberno galego do resultado da súa política para a enerxía eólica e as consecuencias para o país derivadas da decisión de anular o concurso eólico do Bipartito.

As sentenzas recibidas durante os últimos anos e que terá que pagar a Xunta de Galiza do peto dos galegos e galegas son unha evidencia que confirma o fracaso do concurso eólico impulsado polo goberno do Sr. Núñez Feijóo, que xa naceu eivado ao botar abaixo o concurso anterior por sectarismo político e que se complementou con modificacións levadas a cabo polo propio PP no Goberno do Estado para desincentivar a aposta por este tipo de enerxía.

Anos despois, as diferentes sentenzas que se foron coñecendo publicamente ilustran como a supostas ilegalidades do concurso impulsado polo goberno nacionalista e socialista eran fundamentalmente un argumento sen fundamento. De feito, de analizar os contidos de sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo confirman as consecuencias de tal decisión e a inseguridade e agravio comparativo que supuxo para os axentes implicados. Ben ao contrario, é o actual concurso eólico o que cada vez presenta máis indicios de dubidosa legalidade ao tempo que incumpre todos anuncios relativos ao investimento, á creación de emprego e á potencia instalada.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16420
Data envío: 13/09/2017 17:43:58.694

Deste xeito, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) recoñeceu en varias sentenzas o dereito de indemnización dos parques eólicos que foron aprobados durante o goberno Bipartito e anulados pola Xunta de Galiza presidida por Núñez Feijóo recollendo os danos evidentes e sinalando a existencia dunha responsabilidade patrimonial por parte do Goberno galego, algo que en última instancia sairá de recursos que poderían destinarse a fomentar os nosos sectores produtivos e a mellorar a nosa competitividade enerxética. Podemos mencionar tamén a sentenza que anula cobro de impostos a parques eólicos de xaneiro de 2016 ou a sentenza en contra do procedemento de valoración das ofertas do concurso de febreiro do mesmo ano.

Máis recentemente, coa información ao Parlamento Galego das modificacións orzamentarias de xullo de 2017 coñecemos como a Xunta de Galiza, máis concretamente a consellaría de Economía, emprego e industria, aprobaba unha transferencia de crédito por importe de 2.949.935,36€ entre aplicacións orzamentarias correspondentes aos programas 621B “Imprevistos e funcións non clasificadas” e 731A “Dirección e Servizos Xerais de Industria” co obxectivo de levar a cabo o pagamento de diferentes sentenzas.

Desta forma, a Xunta de Galiza acata a sentenza nº222/2016 de EDP Renewables Europe SL co montante, xuros engadidos, de 688.615,96€; a sentenza n.º784/2016 de Iniciativas Estratéxicas Galegas (INESCAL) por valor de 27.187,39€ xuros engadidos; a sentenza nº415/2016 por valor de 140.959,66€ a favor de Andavia Renovables S.A; a sentenza favorábel a Ventauria Enerxía Rural S.A do 21 de marzo de 2017 que resulta en 930.491,22€ computando os xuros e tamén a sentenza do 29 de marzo de 2017 a prol de Viraventos Energy por unha contía final de 375.819,97€.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16420
Data envío: 13/09/2017 17:43:58.694

Coñecidos estes datos e a decisión da Xunta de Galiza de levar a cabo estes acatamentos enténdese que a Xunta de Galiza asume as consecuencias da súa errada decisión de botar abaixo o proxecto Bipartito.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza das consecuencias económicas e xurídicas de ter anulado o concurso eólico do Bipartito?

- Considera o Goberno galego que foi un erro impulsar a anulación do concurso eólico do Bipartito a luz das sentenzas negativas arredor desta cuestión que vén recibindo e que supoñen un importante volume para as arcas públicas? Como avalía o incremento das contías por causa dos xuros? Ten previsión de que aumenten as sentenzas derivadas da anulación?

- Considera o Goberno galego que foi un adecuada a fórmula elixida pola Xunta de Galiza para ordenar as ofertas?

- Que repercusións considera a Xunta de Galiza que ten esta situación no posicionamento de Galiza no desenvolvemento internacional do sector eólico?

- Considera a Xunta de Galiza que as sentenzas motivarán a desconfianza en potenciais novos investimentos privados sobre o sector? Que ten pensado facer para evitalo?

- Cales son as motivacións do Goberno galego para non ter acatado as sentenzas con anterioridade?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16420
Data envío: 13/09/2017 17:43:58.694

- Cal é a folla de ruta do Goberno galego para cumprir cos obxectivos internacionais de xeración de enerxía mediante renovábeis?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2017 17:42:37

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2017 17:42:42

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2017 17:42:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2017 17:42:48



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16420

Data envío: 13/09/2017 17:43:58.694

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2017 17:42:49

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2017 17:42:51



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 11:18
Nº Rexistro: 16512
Data envío: 14/09/2017 11:18:51.184

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á exclusión da compra de semente de ameixa xapónica das ordes de axudas da Consellaría do Mar

A ameixa coñecida como xapónica (*Ruditapes philippinarum*) é a principal especie de moluscos bivalvos que se cultiva en Galiza, diante das dificultades de reprodución das especies autóctonas fina e babosa. No mercado español existe unha grande demanda da mesma, ao longo de todo o ano.

Esta ameixa é tamén coñecida popularmente como ameixa italiana, pola importancia que este país ten na súa produción a nivel europeo. A produción do estado español, na súa inmensa maioría galega, non alcanza o 10% da producida en Italia. Existe no mercado español unha grande demanda desta ameixa, fundamentalmente debido a que o prezo que alcanza é accesíbel para moitas economías, de feito que máis da metade da produción italiana é comercializada na península.

Polo tanto encontrámonos cunha grande demande de consumo que a produción galega non é capaz de subministrar. Nin producimos, nin poñemos os medios para aumentar a produción. De feito un dos maiores problemas é que a produción de semente non é suficiente.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 11:18
Nº Rexistro: 16512
Data envío: 14/09/2017 11:18:51.184

A Consellaría do Mar, sacaba ordes de axuda para mercar semente desta ameixa, o que supoñía que as agrupacións de mariscadoras non tiveran que afrontar só cos seus escasos recursos a compra da mesma, e que polo tanto este investimento non reducira aínda máis as súas rendas, mais na actualidade a Consellaría ten excluído das ordes de axuda a compra de semente de ameixa xapónica, o que supón un prexuízo para moitas agrupacións, sobre todo as que menos ingresos teñen.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Hai subministro suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galiza?

-Considera eficiente a produción de semente para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques que se está realizando no noso país?

-Non lle parecería unha vantaxe competitiva, diferenciar a ameixa xapónica que se cultiva en Galiza da procedente doutros lugares?

-Ten adoptado, ou pensa adoptar algunha medida para conseguilo?

-Por que ten excluído a semente de ameixa xapónica das ordes de axuda?

-É consciente do prexuízo que esta medida ocasiona nas agrupacións de mariscadoras?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 11:18
Nº Rexistro: 16512
Data envío: 14/09/2017 11:18:51.184

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/09/2017 11:13:30

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2017 11:13:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/09/2017 11:13:37

Olalla Rodil Fernández na data 14/09/2017 11:13:38

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2017 11:13:40

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2017 11:13:43

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A AC-418, discorre entre Carballo e Buño, rexistra unha elevada densidade circulatoria e á súa vez tamén unha alta siniestralidade. A estrada precisaba de arranxos debido a unha cantidade de fochancas así como con asfalto en moi mal estado, o cal viña sendo motivo de queixa por parte das persoas usuarias. A solución adoptada polo Goberno galego, consistiu nun parcheo que, tivo como consecuencia que a situación se agravase, xa que as reparacións realizadas nalgúns tramos, especialmente entre Xoane e Buño, lonxe de dotar a estrada de maior seguridade, están a provocar deslizamentos nos vehículos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, facéndonos eco das peticións recibidas por parte dos veciños e veciñas da comarca, entendemos que a solución adoptada foi unha chapuza, que está a poñer en perigo a seguridade dos usuarios e usuarias da AC-418, e polo tanto, débense tomar medidas de maneira inmediata, adoptando unha solución integral que dote de piso uniforme que evite os desniveis, así como os problemas de seguridade que se están a ocasionar.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego das queixas realizadas polos usuarios e usuarias da AC-418, con motivo dos arranxos realizados nela?

2ª) Que medidas pensa levar a cabo para dotar de seguridade a AC-418, se for o caso, en que prazo está previsto executalas?

3ª) É coñecedor o Goberno galego do enorme problema de seguridade que supón o arranxo feito, especialmente agora que comeza o outono-inverno?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 14/09/2017 11:10:34

Raúl Fernández Fernández na data 14/09/2017 11:10:50

María Luisa Pierres López na data 14/09/2017 11:10:59

Partido dos
Socialistas
de Galicia

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727